

***O ENTROIDO RIBEIRAO DE SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA
(LUGO) (II)***

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

O ENTROIDO RIBEIRAO. SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA) (LUGO) (II)

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. LIMIAR.

No ano 2012, Carmen Pernas e un servidor realizamos un traballo, publicado na Rev. Croa, sobre o Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba (Chantada). Nel facíamos mención, entre outros trazos, a que era un dos poucos entroidos que quedaban no medio rural galego, que conservaba as súas sinais de identidade

Doce anos despois, un dos autores, José Manuel Blanco Prado, leva a cabo un segundo traballo no que salienta as seguintes peculiaridades:

1ª. As máscaras deste Entroido, reflectidas nos volantes, nos maragatos e nos mecos. A tarefa que levan a cabo os mecos nos diferentes oficios, vai ser unha novidade deste traballo, xa que se describen máis de vinte oficios, usando as propias palabras dalgúns dos seus participantes.

2ª. A dinamicidade do Entroido. É dicir como era o Entroido antes e o como é agora, apreciando os cambios, que houbo a nivel de organización; de participación; e de coñecemento ao exterior...

3ª. O “rol” que teñen hoxe tanto as mulleres como os cativos no Entroido e o que exercían denantes. Na actualidade, ambos os dous grupos participan dun xeito activo no festexo entroidano, algo que antano era impensable. Isto motiva que o Entroido ten que contar sempre con estes grupos para que se manteña dun xeito permanente e ademais, con ese carácter rexuvenecedor.

4ª. As diferencias existentes entre este Entroido de Santiago de Arriba cos últimos Entroidos da Ribeira Miñota, que tiveron lugar xa hai uns anos.

5ª. A proxección deste Entroido – que xa é B.I.C. (Ben de Interese Cultural) dende o ano 2019- de cara ao exterior mediante conferencias, talleres, desfiles, o que vai posibilitar que se coñeza unha tradición, que unicamente pervive en Santiago de Arriba

(Chantada), e ademais, poida fomentar unha participación infantil e xuvenil neste evento festivo.

II. TRAZOS XERAIS SOBRE O ENTROIDO.

1. SIÑIFICACIÓN DO VOCABLO “ENTROIDO” E TEMPO DE CELEBRACIÓN.

O Carnaval recibe en Galicia o nome de Entroido, e procede do latín “Introitus”, que significa “entrada”, ou “comezo do ano ou da primavera”. Segundo as zonas recibe os nomes de “*Antroido*”, “*Introido*”, “*Entrudio*”, “*Entrudo*”¹. Unha nova acepción sería a de considerar ao Entroido como a entrada do tempo, que precede á Coresma.

O tempo de Entroido está relacionada coa Pascua de Resurrección, festa de carácter lunar, que celebra o día da morte de Xesús. Esta conmemoración, segundo o Concilio de Nicea, realízase o primeiro domingo, que segue a lúa chea de primavera. Polo tanto, o domingo de Entroido lévase a cabo corenta e nove días denantes da Pascua de Resurrección. Agora ben, o calendario lunar ten como fundamento o ritmo irregular das lúaas, xa que o ciclo completo de lunación ben durando normalmente vinte e nove días, e doce horas. En consecuencia, o domingo de Entroido pode caír entre o un de Febreiro e o sete de Marzo.

Por outra banda, o tempo de celebración era moi variable. Así– segundo **Vicente Risco**– adoitaba durar unhas tres semanas nas que compría sinalar os seguintes días: o domingo fareleiro; o xoves de compadres; o domingo corredoiro; o xoves de comadres; e os días grandes do Entroido, que se correspondían co domingo, luns e martes. Eventualmente, tamén o mércores de cinza. Ademais, é mester facer alusión ao domingo de piñata, primeiro domingo de coresma, que se celebra nalgúns zonas². O Entroido galego de máis días de duración radica na vila ourensán de Xinzo de Limia . **(FOTO 1)**

Con respecto á provincia de Lugo, os días do Entroido concéntranse no Domingo e Martes, considerados como os días importantes desta festividade. No obstante, cómpre sinalar as seguintes excepcións: en Santiago de Arriba (Chantada), tamén se festexa o domingo fareleiro e o domingo corredoiro, e dicir, os dous domingos anteriores ao Domingo de Entroido. O xoves seguinte ao “domingo fareleiro” conmemórase o “xoves

1 Risco, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal, páx. 611

2 RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal, páx. 612.

de compadres”, que se sigue celebrando en maior ou menor media nos municipios das “Terras de Lemos”, como Monforte e Sober – vilas básicas de celebración- Pantón, Pobra de Brollón, Bóveda e o Saviñao. Unha semana despois celébrase nos mesmos lugares o “xoves de comadres”. En Salcedo (A Pobra de Brollón), tamén se celebra o luns de Entroido coa famosa “saída do oso” polas distintas rúas da vila. Nesta vila cómpre sinalar tamén“ os desfiles de madamas e galáns”, que teñen lugar o domingo e martes de “Entroido. Ademais, son importantes a representación de oficios mímicos e algunhas pezas teatrais elaboradas pola Asociación de Salcedo. Na Terra Chá, é mester sinalar “ O Entroido de Val de Francos (Castro de Rei), cos seus famosos sermóns. O mércores de cinza, conmemórase “ o Enterro da Sardiña”, nas vilas de Monforte, Burela, Viveiro, Foz e Vilalba. O sábado de piñata, festéxase en Ribadeo coa queima do Entroido, boneco de varios metros de altura.; no ano 1998, este boneco -símbolo do Entroido- entrou no Libro Guinness de Records cunha altura de 13,32 metros. Así mesmo, o domingo de piñata conmemórase na localidade de Lourenzá. Finalmente, nos últimos anos comezan a recuperarse algúns Entroidos dos municipios de O Courel, Monforte e Sober.

2. A ORIXE DO ENTROIDO E TRAZOS PECUALIARES DESTA FESTIVIDADE.

Con respecto á orixe do Entroido a teoría sustentada por un maior número de etnógrafos e antropólogos, encabezados por Caro Baroja ³, defende unha teoría medieval do Entroido. Sen a idea da Coresma non existiría na forma concreta, na que se levou a cabo desde datos escuros da Idade Media. A oposición do Entroido coa Coresma constitúe o fundamento básico sobre o que se foi configurando o modelo de Entroido da sociedade occidental. Isto non é obstáculo para que no Entroido actual poidan influir rituais de festas de orixe antigo⁴.

3 Esta teoría foi defendida por *Caro Baroja, L. Janssen, Peter Burke, Vicente Risco*, e continuada por etnógrafos galegos como *X.M.González Reboredo, F. Cocho, Mariño Ferro, Fidalgo Santamarina, Clodio González* etc.

4 Entre estas festas podemos distinguir as seguintes: Aquela que defende que esta festa ten unha orixe nos rituais animistas da Prehistoria. Bouza Brey, etnógrafo galego, e nun primeiro momento Vicente Risco, estudaron as máscaras asinandolle orixe prehistórico en canto ao seu sentido máxico e ritual ligado á prácticas de relixión primitiva.

Os rituais agrarios gregos, adicados ao culto a Dionisos e, logo, ao deus romano Baco. As dionisias celebrábanse na honra de Dionisos, deus gregos, que logo os romanos transformaron en Baco. Foi rei da natureza, e as súas festas simbolizaban a vida, a pasión, o renacer primaveral.

Tamén, nos actos que tiñan lugar nalgúns festas romanas antigas nomeadas Saturnalia . Eran festas que comezaban o 17 de decembro, na honra do Deus Saturno, protector da agricultura. Tanto os amos como os seus escravos invertían os seus papeis. Festas nas que había unha gran permisividade.

Esta conmemoración festiva caracterízase por unha serie de trazos moi peculiares, que fan desta celebración algo especial e propio.

* Trátase dunha festividade de tránsito entre o solsticio de inverno e o equinocio da primavera co que iso conleva nos ritmos da natureza. Isto implica que algúns rituais deste momento festivo sexan indicadores dun novo mencer fronte a escuridade. En definitiva estamos ante a dialéctica *VIDA-MORTE*, saíndo triunfadora a primeira. Na actualidade, a idea de vida e fertilidade está moi presente cando “os volantes” de Santiago de Arriba (Chantada) pasan por riba dos campos e terras de labor. Tamén, as chocas e campaiñas, que soan durante o Entroido, simbolizan a vida, e alonxan o mal das comunidades. **(FOTO 2)**

* É un tempo de transgresión da orde habitual; de ruptura de todas as normas; de inversión de valores. Un tempo axeitado para que todos podamos simbolizar un papel diferente ao que temos na vida cotiá. E isto realízase, as máis das veces, por medio dos disfraces e as máscaras, que nos permiten levar a cabo -polo seu carácter de invisibilidade- aquilo, que sería inviable nun tempo normal.

* No Entroido estamos ritualizando o lado escuro e funesto do ser humano. A súa animalidade, as súas máis baixas paixóns, os seus excesos na comida e na bebida.

* O Entroido provoca un desafogo psicolóxico no sentido de que se trata dun festexo catártico e liberador das tensión acumuladas ao longo do ano.

* No tempo de Entroido, os praceres carnais están personificados por medio de animais vivos, como o galo, que ten fama de ser un dos máis luxuriosos. No obstante, tamén se usan figuras de animais, que foron asociados por tradición non só coa lascivia, senón tamén con outras formas de comportamento carnal, como a gula, a preguiza etc. Así, podemos sinalar a vaca, o touro, a mula, o oso. Ademais, hai representacións dunha animalidade en abstracto, reflectida por unha serie de atributos como as peles, cornos, máscaras con figuras de animais. Tamén, hai outras formas de simbolizar ao Entroido: unha delas é a vellez; polo tanto, non resulta estrano ver moitos disfraces de roupas e caraútas vellas. Así mesmo, o Entroido tamén está personificado naquelas persoas

Así mesmo, as Lupercalia celebrábanse nos idus de Febreiro na honra do deus Pan. Os lupercos sacrificaban un macho cabrío, e logo untábanse coa súa sangue. A continuación, perseguían espídeos as mulleres con látigos feitos da pel do macho cabrío.

Finalmente as Matronalia, que se realizaban no mes de Marzo na honra da deusa Xuno Lucina. Nesta conmemoración, as mulleres servían aos seus escravos e criados, mentres que os esposos servían as súas esposas.

disfrazadas con vestidos de luxo, como é o caso das Madamas; os Galáns; os Señoritos. O luxo está relacionado coa voluptuosidade, co pracer sexual ⁵.

* Este tempo representa ademais unha loita entre Don Carnal e Dona Coresna, reflectida – segundo termos nietzscheanos- pola relación existente entre dos deuses da Grecia antiga: *Apolo e Dionisios*. Así, **o dionisiaco** simbolizaba a desorde pública, o instintivo, a vitalidade sen freo, a farra, a irracionalidade. Pola contra, **o apolíneo**, representaba todo o contrario, é dicir, a racionalidade, a orde social, a ponderación, o esforzo continuo ⁶. En consecuencia, hai unha tensión dialéctica entre o apolíneo e o dionisiaco, que se vai resolver co triunfo do apolíneo, e dicir da orde e do control social.

* O Entroido ten un fondo contido dramático, xa que é un tempo no que se escenifican e parodian as institucións civís e eclesiásticas por medio de sermóns, e xuízos. E isto faise con ironía, bulra e humor.

* A máscara é uns dos elementos esenciais do Entroido. É un símbolo claro da animalidade entroidana, que provoca diferentes tipos de emocións: admiración, alegría, medo, temor, inquietude. Non adoita actuar en solitario, senón en grupo formando mascaradas, que percorren as rúas das vilas e os camiños das parroquias. Gozan de inmunidade, o que lles permite botar fariña, auga e nalgún tempo formigas.

* É un tempo no que as portas das casas están abertas de cara ao exterior, e todos participan dun xeito directo ou indirecto na festa. Ademais, os membros das diferentes casas da comunidade convidan ás máscaras e disfraces a filloas, orellas, freixós, doces típicos etc.

* O Entroido ten unha finalidade didáctica. O desenfreo e a desorde, que se produce nesta festividade, regulan a orde social. Esta festa estanos ensinando por vía indirecta, que se o exceso na comida, na bebida, e nos praceres carnais fosen continuos, seríamos incapaces de vivir deste xeito, o mundo non se sostaría. **(FOTO 3)**

* Unha das manifestacións do Entroido, que serve de válvula de escape aos asistentes a algúns dos actos deste tempo festivo e o **“riso”**. Todo vale e todo resulta cómico no tempo do Carnaval. A festa non é posible sen permitir que o sentido do humor domine

5 MARIÑO FERRO, X.R.: *Antropoloxia de Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 2000, páx. 487.

6 CHAO REGO, Xosé. *Ob. cit.*, páx. 30.

por unhas horas calquera outro sentimento e se impoña no estado de ánimo ⁷. Ademais rirse dun mesmo é sano; é como saca-la máscara que nos fai levar a sociedade da vida diaria e disfrutar deixando ver un pouquiño do que levamos por debaixo dela ⁸.

* É un tempo de alegría, de diversión, de exceso na comida e na bebida. O elemento sexual aparece reflectido nas disputas que había nos xoves de compadres e comadres. Así mesmo, as corridas do galo tiñan un compoñente sexual importante, xa que o galo e un dos animais máis simbólicos do Entroido en canto á carnalidade e luxuria.

En moitos lugares de Europa e de España celebrábanse “corridas de galos”. En Galicia celebráronse ata o último tercio do século pasado nas parroquias pontevedresas de Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobras; en Zás (A Coruña); en Cotobade (Pontevedra); en Viana do Bolo (Ourense); e tamén, como veremos, nalgúñas parroquias da comarca da Terra Chá, incluído o “Val de Francos”.

III. O ENTROIDO NA RIBEIRA DE CHANTADA.

A ribeira miñota chantadina agrupa a unha serie de comunidades parroquiais: A Sariña, Belesar, Camporramiro, Líncora, Santiago de Arriba e Nogueira. Nesta ribeira o Entroido iniciouse en Santiago de Arriba nun tempo xa esquecido para os portavoces da tradición oral. “*A cuna do Entroido foi Santiago de Arriba e de aquí foi levado a outras parroquias limítrofes ao irse casando persoas de esta parroquia cos doutras parroquias próximas. O Entroido nas outras parroquias da Ribeira foi adquirindo as súas peculiaridades ao irse desvirtuando da idea orixinaria*” ⁹. Logo, foronse incorporando as demais comunidades ribeirás, incluíndo ademais Vilaúxe. Esta festa deixou de celebrarse na maior parte das comunidades mencionadas a comezos do século actual debido, entre outros motivos, a falta de persoas para seguir co evento. “... *o carnaval naceu en Santiago de Arriba / o que pasa é que aí a xuventude acabouse / acábase e van quedando vellos / entón non hai quen axude e vaise acabando / entón estas parroquias nas que hai máis mocidade vano tendo...*”¹⁰. No ano 1987, o Entroido

7 COCHO, F.: *Ob. cit.*, pág. 47.

8 GARCÍA CENDÁN, Bernardo.: O Desacougo da Risa, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, pág. 51.

9 Informante.: Xoán Carlos González, veciño de Santiago de Arriba.

10 ARAÚXO, Emilio.: *SE TODA A VIDA DOS VELLO E DOS POR NACER (O Entroido Ribeirao)*, Santiago de Compostela: Amastra-N-Gallar, 2014, pág.93.

celebrouse nas parroquias de Líncoira e Santiago de Arriba. Do 1991 ao 1993, a comunidade parroquial de Vilaúxe foi quen realizou o festexo, collendo o listón Nogueira de Miño nos anos 1994 e 1995, logo de doce anos sen celebralo. No ano 1998, Vilaúxe comezou de novo coa festa ata o ano 2002. No ano 2000, únicamente dúas comunidades da Ribeira chantadina, Nogueira de Miño e Santiago de Arriba, decidiron formar a Asociación do Entroido Ribeirao contando coa axuda e impulso do concello para conservar esta antiga tradición. No obstante, esta asociación durou pouco tempo debido a razóns de índole interna o que deu lugar a que cada comunidade seguese celebrando o Entroido como o considerase máis axeitado. **(FOTO 4)**

IV. O ENTROIDO EN SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA).

1. ALGÚNS DATOS XEOGRÁFICOS E HISTÓRICOS SOBRE A PARROQUIA DE SANTIAGO DE ARRIBA E O CONCELLO DE CHANTADA.

Este municipio amosa na súa paisaxe tres unidades morfolóxicas claramente diferenciadas: No Oeste, a Dorsal meridiana, que corresponde as terras altas cuia máxima altitude estaría situada no monte Faro (1187 metros). Logo, unha penechaira, situada ó redor dos 600 metros, onde se se sitúan a maioría dos núcleos de poboación. E finalmente, as terras localizadas na ribeira do Miño. Este río, cunha disposición Norte-Sur, forma vals encaixados de fortes pendentes e desniveis. Pois ben, nestas terras miñotas sitúase a comunidade parroquial de Santiago de Arriba, que é unha venta aberta a un profundo val onde descende dunha maneira moderada o río Miño nunha dirección Norte-Sur. Nas pendentes deste val proliferan os socalcos, moi importante para o cultivo das vides. Esta comunidade, dende unha óptica eclesiásticas, é unha freguesía rural, pertencente ao arciprestado de Chantada e a diocese de Lugo. E a efectos civís, é unha parroquia rural, que forma parte do concello de Chantada, do partido xudicial de Chantada, da comarca de Chantada, e da provincia de Lugo. Esta comunidade parroquial ocupa unha superficie de 2,96 km² e posúe unha poboación, segundo o I.G.E. do ano 2023 ¹¹, de 49 habitantes, distribuídos nas entidades de poboación de Arriba; Bacelares; Couxeva; A Igrexa; O Pedroso; A Proba; O Reguengo; Vilar de Outeiro; Vilar do Mato; e Viñas ¹². Os seus límites son os seguintes: polo Norte, coa parroquia de Camporramiro (Sta. María); polo Sur, coa da Sariña (San Vicente); polo Oeste, coa de

11 Instituto Galego de Estadística

Vilaúxe (San Salvador); e polo Leste, co Val do Miño. A nivel histórico, cómpre salientar dous datos de especial relevancia: No ano 1094, o conde Munio fixo unha doazón á catedral lucense na que se lee: “Sancto Iacobo de Ripa”. Posteriormente, no ano 1343, o bispo de Lugo D. Xoán anexionaba ao mosteiro beneditino de San Salvador de Asma -hoxe desaparecido- a igrexa de Santiago de Arriba. Este mosteiro foi de vital importancia na historia medieval de Chantada, debido ao influxo que exerceu en toda a bisbarra ¹³.

Por outra banda, este ámbito territorial está incluído no municipio de Chantada, que ten unha superficie de 177,5 km² e consta de 324 entidades de poboación, distribuídas en 37 parroquias ¹⁴. A súa poboación, segundo o I.G.E. do ano 2023, é de 8006 habitantes ¹⁵. Os seus lindes son: polo Norte, co municipio de Taboada; polo Sur, co de Carballedo; polo Leste, co do Saviñao; e polo Oeste, co municipio pontevedrés de Rodeiro..

Ademais, este municipio é parte da “Comarca de Chantada”, situada no Sur da provincia de Lugo. Ocupa unha superficie de 462 km² e dispón, segundo o I.G.E. do ano 2023¹⁶, dunha poboación de 12.473 habitantes. Esta se reparte entre os tres municipios que a integran do seguinte xeito: Carballedo (2080 hab.), Chantada (8006 hab.) e Taboada (2657 hab.). **(FOTO 5)**

12 EQUIPO “IR INDO”. GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat e outros.: Galicia en Comarcas. Chantada e A Ulloa. Ed. IR INDO. La Voz de Galicia, Vigo, 2005, páxs. 134-136.

13 RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. T. I. Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, 1975, pág. 127.


14 Ada (Santa Baia); Arcos (Santa María); Argozón (San Vicente); Belesar (San Bartolomeu); Bermún (Santa María); Brigos (San Salvador); Camporramiro (Santa María); Chantada (Santa Mariña e outra); Esmeriz (Santa Mariña); Esmoriz (San Xillao); Fornas (San Cristovo); A Grade (San Vicente); A Laxe (San Xoán); Líncora (San Pedro); Mariz (San Martiño); O Mato (San Xillao); Merlán (San Tomé); O Monte (San Miguel); Mouricios (San Cristovo); Muradelle (San Paio); Nogueira de Miño (Santa María); Pedrafita (Santa Baia); Pereira (San Mamede); Pesqueiras (Santa María); Requeixo (Santiago); Sabadelle (Santa María); San Fiz de Asma (San Fiz); San Pedro de Viana (San Pedro); San Salvador de Asma (San Salvador); San Xurxo de Asma (San Xurxo); Santa Cruz de Viana (Santa Cruz); Santa Uxía de Asma (Santa Uxía); Santiago de Arriba (Santiago); A Sariña (San Vicente); Veiga (San Xoán); Vilaúxe (San Salvador).

15 Instituto Galego de Estadística.

16 “ “ “ “

2. LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA EN GALICIA E NA PROVINCIA DE LUGO. ¹⁷


LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA NA PROVINCIA DE LUGO



17 FIGUEROA PAZ, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). Autor dos mapas de localización.

3. LOCALIZACIÓN DAS PARROQUIAS DO ENTROIDO RIBEIRAO.

LOCALIZACIÓN DAS PARROQUIAS DO ENTROIDO RIBEIRAO



4. ACCESOS, COORDENADAS DE LOCALIZACIÓN E B.I.C. (BEN DE INTERESE CULTURAL)

4.1. COORDENADAS:

-LATITUD: 42° g. 34 m. 44 sg. N.

-LONGITUD: 7 g. 43 m. 42 sg. O.

42. 5745235

-7. 7340173

4.2. ACCESOS:

4.2.1. Dende A Coruña a Chantada.

Autovía do Noroeste a Lugo: A.6.

Nacional VI. Madrid a Coruña.

Dende Lugo a Ourense: N.540. Lugo-Ourense.

4.2.2. Dende Pontevedra a Chantada.

De Pontevedra a Ourense: N. 541, e PO.534.

De Ourense a Chantada: N. 540

4.2.3. Dende Santiago a Chantada.

AP-53 y AG-53.

4.2.4. Dende Lugo a Chantada.

N. 540.

4.2.5. Dende Ourense a Chantada.

N. 540.

Logo na vila de Chantada hai que tomar a LU-P-1801 en dirección aos Peares. Ao chegar ao indicador, que marca a parroquia de Santiago de Arriba, hai que coller unha das tres pistas locais existentes, que nos levan ao “Campo do Moredo”, lugar de celebración do Entroido e distante, segundo a pista que se tome, uns 250-300 metros.

4.3. B.I.C. (BEN DE INTERE CULTURAL).

Decreto 166 / 2018 de 27 do Nadal polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

D.O.G. (Diario Oficial de Galicia). 248 do 31/12/2018/

B.O.E. (Boletín Oficial do Estado). Num. 51. 28-Febreiro-2019. Sec. III. Páx. 19559.

Anexo I.3- BIC INMATERIAIS.

B.I.C. 000.722.

Denominación: Entroido de Santiago de Arriba.

Organización: Asociación de Amigos do Entroido Ribeirao.

Marco temporal: Carnaval.

Marco territorial: Parroquia de Santiago de Arriba.

5. AS MÁSCARAS EN SANTIAGO DE ARRIBA.

Dende a antigüidade a máscara foi para o ser humano un instrumento básico para levar a cabo rituais de diferente índole: funerarios, belicosos, de protección da comunidade e do ámbito familiar, de fecundidade, de arredar os malos espíritos... Segundo ***Caro Baroja*** as mascaradas de inverno suponen unha representación de carácter festivo de feitos propios do universo social coa finalidade de garantir a boa marcha do grupo ao longo dun ano, que comeza agora unha vez superada a gran noite invernal. No intre actual este instrumento ritualista quedou unicamente relegado a expresións de carácter festivo como a do Entroido. Nesta festa a máscara é un medio relevante de transformación e de cambio da propia identidade. Malia as influencias da globalización, do turismo, dos cambios sociais... aínda se conservan no ámbito rural algunhas máscaras, que seguen posuíndo os seus trazos singulares e vistosos. **(FOTO 6)**

Así temos, as pantallas de Xinzo de Limia (Ourense); os xenerais do Ulla (A Coruña-Pontevedra); os peliqueiros de Laza (Ourense); os cigarróns de Verín (Ourense); os felos de Maceda (Ourense); as madamas e os galáns de Cobres (Pontevedra); os volantes e maragatos de Santiago de Arriba; os troteiros de Bande (Ourense); os curravellos de Moaña (Pontevedra); os boteiros de Viana do Bolo e Vilariño de Conso; os foleiros e bonitas de Sande (Ourense) etc.¹⁸

18 COCHO, Federico.: ***Ob. cit.***, paxs. 95-96.

Na provincia de Lugo, ademais dos volantes e maragatos de Santiago de Arriba (Chantada), cómpre distinguir aos foliqueiros do Val de Francos (Castro de Rei); ás madamas e os galáns de Salcedo (A Pobra de Brollón); ao Oso de Salcedo (A Pobra de Brollón); as choronas dos diferentes enterros da Sardiña (Lugo, Mondorte, Burela, Viveiro, Vilalba)...

Nesta comunidade parroquial seguen utilizándose dende os seus inicios as seguintes mascaradas:

5.1. OS VOLANTES.

Trátase da máscara do Entroido máis vistosa da provincia de Lugo e unha das máis relevantes de Galicia e, tamén, de España. Para unha análise pormenorizada e didáctica desta máscara imos sinalar os seguintes elementos:

5.1.1. A INDUMENTARIA DO VOLANTE.

5.1.1.1. VESTIMENTA DA SÚA PARTE SUPERIOR.

Hai anos a vestidura do volante era de cor branca, estando formada por unha camisa de liño e uns calzóns longos, que recibían o nome de “cirolas”. Co paso dos anos empezaron a levar unha camisa branca por riba da cal colocaban senllos “panos marinos”, traídos polos emigrantes de Ultramar, que ían cruzados en cada ombro. Na actualidade, debido a súa escasez foron substituídos por uns panos dunha gran variedade cromática, que recibiron o nome de “portugueses”, que van cruzados polo peito e atados na parte detrás. Ademais, a cabeza vai cuberta por unha tea de gran cromatismo, que une os seus bordos na parte posterior.

5.1.1.2. VESTIMENTA DA SÚA PARTE INFERIOR.

A vestidura inferior está formada por un pantalón, que nos seus inicios era un calzón de cor branca, e paseniño coa chegada das teas comerciais foise cambiando por un de cor amarelo e vermello. Logo, leva unha especie de calzas ou medias, que cobren as pernas dende os nocellos ata os xeonllos, e que se abrocha dende o exterior. Como remate, uns zapatos novos. *“As vestiduras consisten en zocos (agora zapatos), polainas marróns de enrolar, que cobren dende o nocello ata a metade da parte inferior da perna, e un mono de*

teas a dúas cores verticais: amarela e vermella”¹⁹. Á vestimenta do volante engádeselle un caxato de cana, que ten como función que o volante poida camiñar dunha maneira axeitada polos camiños e tamén para soste “ao pucho” nas paradas. **(FOTO 7)**

5.1.2. AS CARAÚTAS.

Os volantes levan na cara unha caraúta artesanal, que se realiza seguindo os seguintes pasos:

- 1º. Faise unha mestura líquida de fariña e auga.
- 2º. Prepáranse follas de periódico que teñan poucas fotos e cor.
- 3º. Logo, cunha brocha (pincel grande) úntase a masa, resultante da mestura, a dúas capas de periódico, que van superpostas.
- 4º. A continuación, colócase por riba destas dúas capas de periódicos un farrapo, que antano era de liño, ao que se lle bota tamén masa líquida.
- 5º Posteriormente, poñense dúas capas de periódico enriba do farrapo (especie de tea), unha con masa e outra sen ela, para que non se pegue “a forma” ou “molde”
- 6º. Seguidamente, poñense uns carolos de millo (“carozos”) na parte dianteira da potencial caraúta para que vaia collendo a forma do nariz e dos ollos. Logo, enrólase cun cordón, que ten que ir moi presionado “a forma” ou “molde”, e introdúcese no forno.
- 7º. Xa no interior do forno, váiselle dando algunhas voltas para que a cocción sexa o máis completa posible. Esta soe durar uns vinte e cinco minutos, sempre e cando o forno esté moi quente.
- 8º. Rematada a cocción, sácase a caraúta do molde e realizanselle cun ferro moi quente (“ ao roxo vivo”) os diferentes buratos para os ollos; boca; e nariz, así como para colocarlle a goma, que suxete a parte posterior da cabeza á caraúta.
- 9º. Despois, cóbrese cunha capa de ovo batido para que a carantoña teña un aspecto de vellez.
- 10º. Como remate, cada volante ornamentaa como o considera máis adecuado;no obstante, sempre usando tonalidades negras Non se permiten outros cores.

¹⁹ COCHO, Federico.: *Ob. cit.*, pax. 96.

A elaboración das caraútas corre a cargo de **Xoán Carlos González** ²⁰, quen nos comentou a súa realización do seguinte xeito: “ *A máscara empézase preparando un papel de periódico. Canto menos debuxo e color teña mellor. Logo, prepárase unha amasada de fariña e auga, que quede ben líquida, que era o pegamento que había antigamente. E comeza a facerse por capas, normalmente poñense dúas capas de periódico, que levan a masa líquida; a continuación, ponse unha tea, que antes era de liño. Cada capa, que se utiliza leva masa, menos a última, que non pode levar masa, senón pegárase “a forma”, que vai levar a máscara. Dúas capas e a tea con masa; logo, outra capa con masa e a última sen ela. Van preparadas “a forma”, que ten que estar ben quente no forno para que se poida adaptar moi ben o papel a ela. Logo, o molde axustase ás capas de periódico. Poñense uns carolos de maíz para facerlle a feitura da nariz; despois, envólvese cun cordón que ten que ir ben apretado á forma para que conforme se vai cocendo no forno quede o máis perfecta posible. Dáselle varias voltas no forno para que quede ben cocida por todas as partes. Cando o forno está ben quente a cocción leva duns vinte a vinte e cinco minutos. Logo, quítase a máscara do molde, e comezan a facerse os buratos para colocarlle o que é a goma no tensado: un, na parte arriba; e outro par de buratos nos laterais. Despois, co mesmo ferro ao roxo vivo, faise o formato dos ollos; os buratos do respiro da nariz, e o burato da boca. Finalmente, bátese a yema dun ovo e repartese por toda a careta para darlle unha sensación de vellez”. (FOTO 8)*

Inicialmente, **Xoán Carlos** usou dous moldes antigos de madeira, propiedade de **Primitiva**, que llos cedera mentres se celebrase o evento festivo. No obstante, na actualidade, construíu outros moldes de madeira, algúns de tamaño máis pequeno coa finalidade de elaborar caraútas axeitadas aos cativos, e desta maneira poder levar a cabo “talleres” con eles sobre o Entroido. Ademais, é mester dispoñer de varios repostos de carantoñas por mor da humidade e do suor das persoas, que ponen as caraútas, o que provoca a súa deformación e, polo tanto, que haxa que cambialas no transcurso do festexo. De aí, que **Xoán Carlos**, soía utilizar un forno grande, onde podía introducir ao mesmo tempo dous moldes e deste xeito, realizar dúas caraútas ao mesmo tempo.

Antano, os volantes tiñan a súa cara tapada coa caraúta; isto daba lugar a que ninguén, agás os maragatos, que acompañaban a cada volante, soubese a súa identificación ²¹. Hoxe, os volantes poden levala adherida á cara, ou tamén por riba da cabeza. Por outra banda, ademais desta caraúta artesanal, no Entroido úsanse outras que se mercan nos

20 Expresidente da Asociación do Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba, que pasou ao seu fillo Iván Gonzalez Rei o testigo.

21 Isto era debido a que daquela o Entroido non estaba permitido oficialmente, e desta maneira non se sabía quenes eran os volantes, que participaban.

bazares. Trátase de caraútas moi sinxelas e finas, e case sempre de cor branco. Utilízanas as “choronas” no “choro do pucho”, e tamén “os mecos”, que participan nos distintos oficios. Neste caso, estes decóranas en función dos diferentes persoeiros, que van escenificar.

5.1.3. AS CAMPAÍÑAS.

Dende sempre houbo dous cintos: o cinto grande e o cinto pequeno. O “cinto grande”, levado sempre por un volante veterano, consta de dúas bandas de coiro de marrán ou xabarín, das que colgan vintecinco campaiñas. O “cinto pequeno” posue o mesmo material que o grande; no obstante, consta de vinte campaiñas. Na actualidade, debido a que saen varios volantes, realízanse cintos, que van provistos de vinte. dazaoito, e dazaseis...campaiñas, segundo a idade do volante. Ademais, dende hai uns quince anos fanse uns novos cintos de pel de becerro e cabalo, dos que penduran de catorce a dez campaiñas. Estes van destinados aos cativos, que fan de volantes, segundo a súa idade. Baixo o cinto, o volante leva un tecido de saco para protexerse dos golpes das campaiñas. Por riba do tecido viste unha faixa vermella ou azul. As campaiñas producen sons diferentes, o que motiva diferenciar entre dous tipos: os machos, que orixinan un son grave, e as femias, un son agudo. **(FOTO 9)**

Noutrora, nos días previos ao Entroido as campaiñas, xa dispostas nos correóns (cintos), soaban todas as noites pola parroquia, xa que conviña que encaixasen ben no cinto, para que nos días do festexo soasen dun xeito adecuado. As campaiñas boas colocanse no “cinto grande”, que vai portar un volante veterano. O resto vai para outros cintos en función da veteranía, idade, capacidade física etc. Importantes coñecedores dos sons, que emiten as campaiñas, foron os *Pataco de A Proba (Santiago de Arriba)*. Un descendente deles, que tiven a sorte de coñecer, nomeado *Pepe do Pataco*, encargouse desta tarefa ata hai uns anos, que finou, e abofé que sempre dunha maneira moi positiva. Este home deixou un bo discípulo, chamado *Xoán Carlos González*, que acadou de seguido o saber discernir entre os diferentes sons como moi ben indica *Oscar J. González*²² cando nos dí: “*Se da el caso de que cuando nuestro informante Juan Carlos se dispuso a hacer un nuevo cinturón, localizó más de cuatrocientas campanillas de las que solo utilizó seis, que para él eran las que sonaban adecuadamente*”.

22 GONZÁLEZ, Oscar J.: *Mascaradas de la península Ibérica*. Imp. Gráficas Eujoa S.A, 2014, páx. 178.

Esta persoa un mes denantes da chegada do Entroido vai na procura de campaiñas a diferentes parroquias dos concellos de Carballedo (Lugo), Oseira (Ourense), Carballiño (Ourense), Cea (Ourense), Rodeiro (Pontevedra)...Logo, ao rematar a festividade devólveas o máis axiña posible. Desta maneira, pode garantir que nos anos vindeiros llas sigan deixando ²³.

As máscaras con campaiñas ao cinto utilízanse nalgunhas localidades de Asturias, Cantabria, León, Navarra...Tamén, en Alemania, Grecia, no París medieval...de tal maneira que podemos consideralas como un elemento común e moi antigo do carnaval europeo ²⁴. Tamén, se aprecian semellanzas desta mascarada coa dos volantes da localidade Navarra de Valcarlos e “cos volants” da comarca barcelonesa do Vallés ²⁵.

No ano 2002, **Sabela Díaz Regueiro** compuxo o seguinte poema dedicado aos volantes:

“Volante” rexo o abandeirado / que ó son das campaiñas / bailas e campas. / ¡ As colonias ó vento / contigo danzan! / ¡ E coas túas reviravoltas / as cores xiran e cantan ! / ¡ Que espectáculo / que abraio de estampa ! / Baila-las campás / e as colonias danzas / en retrincos de cor / os oídos estalas..”/ (FOTO 10)

5.1.4. O PUCHO.

Dende a miña óptica, trátase do aparello máis peculiar e vistoso do Entroido de Santiago de Arriba. É portado por un volante veterano, que teña resistencia física e vigor, xa que ademais de soste os trinta kilos do pucho e das campaiñas, ten que estar danzando a un ritmo uniforme tanto pola mañá como pola tarde. “ *O volante adoita ser un mozo forte, pois ten que mover as pernas durante moito tempo a un ritmo especial, que faga soar as campaiñas, soportando á vez o peso do conxunto da vestimenta, que pode chegar a ser superior aos trinta quilos*” ²⁶.

Este utensilio está composto dunha serie de elementos que lle dá ao conxunto unha visión rechamante.

23 Traballo de campo do autor. : “A busca de campaiñas cada vez ocasiona máis problemas debido a escasez existente e a que no intre actual non hai quen as faga como se fixeron antano “.

24 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997,páx. 48.

25 COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 1992, paxs. 102-103.

26 BLANCO PRADO, X.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “ O Entroido na Ribeira Sacra e Salcedo. O Volante, o Peliqueiro e o Oso”, en *Tempos de Festa en Galicia. T.I. Entre os Reis e o mes de Maio*. Fundación Caixa Galicia, 2006, páx.129.

1º. O seu sostén é un armazón de arames e vimbios, que asemella a forma do camarín da Virxe do Perpetuo Socorro de Santiago de Arriba. Antano, o pucho facíase con ramas de vimbieira, que eran delgadas e flexibles.

2º. Ao entramado ou armadura van adheridas moitas flores de diferentes cores, realizadas con papel pinocho. Hai anos as flores eran realizadas con berzas secas e follas de millo rizadas.

3º. Neste armazón tamén van fixados cinco penachos de plumas de diferentes cores. Dous a cada lado do pucho e un no centro. Noutroa, collíanse do camarín da Virxe. “... *Cos plumachos houbo enredo / roubabámosllos ó cura / despois de dicir a misa / pero había que volvelos á noite...*”²⁷. Hoxe, úsanse uns traídos de Ultramar.

4º. Ademais, o pucho porta dúas bonecas: unha colocada na parte frontal e a outra na súa parte posterior. Hai anos, eran de trapo. **(FOTO 11)**

5º. Como remate, cómpre sinalar as colonias, tamén chamadas cintas ou fitas, que penden dos extremos desta armadura semi-esférica e que chegan ata o chán. Antano, as colonias eran fachos de palla. “ *No ano 2014, o pucho levaba dúas bonecas: unha situada na parte frontal e outra na parte posterior. Cinco plumachos: dous na parte frontal, de cor amarelo; dous na parte posterior, de cor azul; e un, de cor fusia. Tamén, moitas flores fixadas ao armazos como as bonecas e os plumachos*”²⁸.

6ª. O pucho tamén leva no interior da armadura unha cavidade na que o volante pode introducir a súa cabeza. Ademais, leva uns largueiros de madeira, que o volante vai empregar co bastón pra aguantar mellor o armazón.

7º. Feitura ou realización.

Na actualidade, a única persoa que sabe elaborar as flores do pucho, segundo a tradición parroquial, é Marisé Rei ²⁹, que aprendeu inicialmente a técnica de Fina da Tenda, No obstante, as flores que facían non se correspondían, segundo as persoas de idade , coas que houbera na parroquia. Polo tanto, Marisé, utilizando como guía as fotos antigas acadou paseniño realizar as auténticas.

27 ARAUXO, Emilio.: *Ob. cit.*, páx. 281.

28 Traballo de campo do autor.

29 É a dona de Xoán Carlos González e a nai de Iván Gonzalez Rei, actual presidente da Asociación do Entroido de Santiago de Arriba.

Finalmente, o volante co pucho por riba da súa cabeza vai brincando e movendose cunha adecuación entre ambas as dúas pernas, que posibilita un constante e ritmico son nas campaiñas, mentres que as colonias, de diferentes cores, voan polo aire. Hai a tradición de que un bo volante non debe deixar tocar no chán as cintas ou colonias ³⁰.

Na actualidade, e como unha homenaxe á parroquia da Sariña³¹ o “pucho mediano” conserva a estrutura do da Sariña, e dicir unha especie de barca vista ao revés. Isto era debido a que a barca era un medio de vida indispensable para as persoas da parroquia, cando chegada a vendimia. **(FOTO 12)**

5.2. OS MARAGATOS OU PELIQUEIROS.

Para diferencialos dos peliqueiros de Laza (Ourense), dáselles dun xeito primordial a primeira denominación. Soen vestir unhas pelicas de ovella, cordeiro ou cabra sobre roupas vellas ou traxes de faena, levando pendurada do cinto unha choca ou campaiña. Ademais, usan como remates para a cabeza uns cranios de becerro ou unn cornos de cabrito para darlles unha maior vistosidade. Así mesmo, adoitan levar na man un látego xa que a súa función e protexer aos volantes cando bailan e abrílles paso na súa marcha. Tamén, soen defender “os oficios” ³², que levan a cabo “os mecos” evitando que haxa unha ruptura do oficio por parte dalgunhas persoas asistentes ao festexo. Actualmente, o normal é que un maragato vaia acompañando a tres volantes. Denantes, o número variaba, segundo **F. Cocho**, a un ou dous por cada volante ³³.

5.3. OS MECOS.

Son persoas de ambos os dous sexos, vestidas con roupas vellas, que van executar unha serie de pezas teatrais, que reciben o nome de oficios. Estes teñen como base a escenificación e parodia mimica de diferentes eventos da vida cotía, onde o sarcasmo, a bulra e a ironía constituen a nota dominante. Segundo sexa a representación, os mecos poden ir provistos de caraútas sinxelas e finas, de diferentes cores, mercadas en tendas e bazares. Antano, os oficios tiñan como base a escenificación de diferentes tarefas

VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, “ O entroido nas ribeiras de Chantada. Apersistencia da festa”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. T. VII. Vol. 2, 1995, páx. 250.

31 Antano, ambas as dúas parroquias fixeron algúns anos o Entroido xuntos.

32 Son representación teatrais mímicas, da vida cotía, cunha importante carga burlesca e irónica.

33 COCHO, Federico.: *Ob. cit.*, páx.101.

agrícolas, ligadas co liño; coa sega; coa malla; coa colleita de patacas ³⁴. No obstante, paseniño comezouse a parodiar diferentes actitudes e comportamentos cotiás non necesariamente ligados co agro. Este tipo de representación tamén se leva a cabo no Entroido de Salcedo (A Pobra de Brollón) mais dun xeito moi diferente a Santiago de Arriba, xa que non hai unha participación dos Maragatos, no caso de que se tente esnaquizar a peza teatral.

5.3.1. DESCRICIÓN DALGÚNS OFICIOS ENTRE OS ANOS 2012 E 2023.

Entre os anos 2012 e 2023, ambos os dous inclusive, realizáronse máis de de centro trinta oficios. Sinalo os seguintes, como un reflicte da totalidade.

“Panadería Xinxán”. “Masterched junior”. “Baile no Moredo”. “O Picaso”. “Os Chourizos”. “O Ramiro dos latós”. “Os espantallos”. “Adega Charreiro”. “Pozos artesanais.” “As rebaixas.” “A Misa.” “A poda.” “A malla”. “Así eran os volantes.” “Os furtivos do Miño”. “O desfile do Moredo.” “Te casaste y la cagaste”. “Despois de esfollar, follar.” “Club “O Moredo”. “Coches eléctricos.” “Orchestra Marbella”. “O retorno da emigración”. “O bautizo.” “A poxa do Santo Entroido.” “Oso de Salcedo.” “Corrida de touros.” “Os zapateiros.” “Que sabes dos teus fillos.” “O exército do Moredo.” “Ao son da gaita.” “Se queres sembrar, terás que abonar”. “Olimpiadas rurais.” “A boda do Morito e o Bodorrio (Boda do Jordi)”. “Jesús naceu en Belén, e no Moredo naceu...” “Olimpiadas rurais”.” A vida está cara.” “Labrando a terra.” “Pon a cara, carallo, pon.” “Guardería do Moredo.” “O trasplante no Moredo “ etc. **(FOTO 13)**

Destes, levo a cabo a descrición dalgúns oficios, seguindo en gran medida a linguaxe daqueles informantes, que tiveron a ben plasmarme a dinámica dos mesmos.

1 A PODA.

“ Simulouse unha poda, tal como se fai aquí pola Ribeira Sacra. Polo tanto, viñeron unhas persoas a facer a poda e, logo, viñeronnos a traer a comida á bodega; ademais, asamos chorizos, panceta, e foi un oficio bonito, que durou o seu tempo. O único atranco foi que nos levaron varias cepas. Pero bueno, comimos o torrisco, dimos de comer á xente que asistía” ³⁵.

³⁴ Carmen Rei, informante de Chantada.

³⁵ ANO 2014. IGNACIO GAYOSO E LUÍS PRADO.

2. O PICASO.

“ Foi un oficio moi recreativo pra a xente. Tratabase dun conxunto de rapaces, que pintaban cadros, dirixidos por un home da veciñanza. Nesto, que comezan a coller a persoas do público e métela no interior dun cadro grande, aberto na súa parte central. Alí, as persoas pensaban que lles iban a pintar a cara con pintura mais non foi así xa que lla pintaron con chocolate”³⁶

3. OS POZOS ARTESANAIS.

“ Pois viñan tres tipos: un cun pico; outro cun ferro de monte; e o último cun utensilio, que marcaba onde tiñan que furar para atopar auga. No primeiro sitio, que miraron co aparato non marcaba nada. Entón, buscouse noutro lado e alí marcaba. Pois ben, ahí había unha calabaza grande, que fora enterrada cuns petardos de gran tamaño. Todo cubrirose con cinsa e plumas, de tal maneira que cando empezou a excavación prenderonlle aos petardos o que ocasionou que a cinsa e as plumas voasen por riba do público asistente”³⁷.

4. ASÍ ERAN OS VOLANTES.

“ Un veciño vestiuse cuns calzoncillos largos, unha camiseta de felpa; ademais, fixo un cinto de latos. Desta maneira, entrou no “Campo do Moredo”, tocando nos latos, e acompañado duns maragatos, que viñan vestidos con boas roupas”³⁸.

5. CLUB “ O MOREDO”.

Neste oficio interviñan oito mecos, que facían os seguintes papeis: dous, de meretrices; un, de garda civil; e cinco, de clientes.

“ Eu e outro fixemos de palomas, vamos de meretrices e levabamos a outros como se fosen os clientes. Tiñamos unha especie de vidé, e usábamolo como se fose alí onde íbamos lavar “a peseta”, “a palomita”, para logo volver ao traballo. Eu levaba un traxe de baño, e dun cartel no que se veía o corpo enteiro dunha rapaza cortamoslle o que é a “Antonia” e grapamola a parte dabaixo do meu bañador, de tal maneira que aquilo tiña un matorral de pelos, que daba o cante por todos os sitios, e así eu iba ensinando o

36 ANO 2014. IGNACIO GAYOSO

37 ANO 2013. LUIS PRADO.

38 Ano 2014. LUIS PRADO.

matorral por todo o Moredo. Ademais, tiñamos ahí unha cama, que en vez de ter sábanas puxemos palla e alí fixemos de todo. Tamén, había un garda civil, que non lle permitía a entrada aos menores. A xente escarallábase de risa”³⁹. **(FOTO 14)**

6. OS BAÑOS TURCOS.

“ Os mecos, neste caso homes vestidos de mulleres e preparadas para o baño, remollábanse nuns pilóns e buscaban xente do público para animalos a bañarse. Nalgún caso recorreoron á forza, espíndoos e meténdoos literalmente no pilón. Nesta parte resultaba importante o traballo dos Maragatos para conseguir voluntarios e para achegar o público ao escenario para que os Mecos os puidesen mollar”⁴⁰.

7. OS ESPANTALLOS.

Foi un oficio, que se repetiu varias veces no Moredo, xa que o público asistente aos oficios soía pedilo. Participaban tres mecos.

“Na horta darriba espetamos a un meco, que simulaba a un espantallo. Logo, trouxemos enriba dun burro a unha meca, que simulaba a unha espantalla, e colocámola no “Campo do Moredo”, mirando cara o espantallo. Entón, o espantallo ao ver a espantalla cobra vida e empeza a baixar pouco a pouco ata o campo da festa. Nese momento, comeza a soar a música de gaita, e o espantallo colle a espantalla, e poñense a bailar en círculos polo “Campo do Moredo”⁴¹.

8. O RETORNO DA EMIGRACIÓN.

Este oficio era unha homenaxe ás persoas desta aldea e da contorna, que tiveron que emigrar. Neste oficio participan catro mecos, que levan a cabo os seguintes papeis: un, é unha muller; dous, representan a xugada que trae á muller do monte; e o cuarto, e o emigrante que retorna.

“ A representación empeza cando unha muller ben nun carro co seu fillo pequeno e cun fachico de toxos, que apañara no monte. O carro é tirado por dous mecos, provistos de cornamentas de animais, que actúan como unha xugada, que porta o carro. Este deténse no “Campo do Moredo”, e baixan a muller e o seu neno, entrando seguidamente na súa

39 2016. CARLOS REI ÁLVAREZ (MORITO)

40 2019. Xornal de Lemos, 25-Febreiro-2019.

41 En variados anos. LUÍS PRADO e LOIS PRADO (fillo).

casa. Alí, é cando a nai lle canta ao neno unha canción pra que durma. De pronto, a muller, asombrada, observa como chega o seu marido da emigración cunha maleta vella, moi flaco e mal vestido. Este, ve á súa muller cun cativo ao que non vira tras súa marcha e para darlle un pouco de alegría ao oficio, comezan a tocar os gaiteiros, sendo o momento do reencontro no que o marido e máis a súa muller bailan en círculos polo “Campo do Moredo”.⁴² **(FOTO 15)**

Neste oficio misturanse unha serie de emocións moi ben escenificadas como o asombro da muller ante a chegada do seu marido; a tristeza do emigrante, que non acadou o que pretendía; e finalmente, como non, a ledicia do reencontro. Sobre este oficio houbo “entroidanos” que o viron, que manifestaban a súa emotividade por medio das lágrimas.

9. O DO TENIS DO MOREDO.

Participaban tres mecos.

“ Poñíase o xuez cunha vara larga subido nunha silla no medio da pista e nun dos extremos da rede. E claro ataba á vara un fio largo e a pelota na punta do fio. Entonces, nos, un de cada lado da rede, xogando ao tenis. E que facía o xuez,, cando lle íbamos dar coa raqueta á pelota, tiraba pola vara e retirábamos a pelota; e así nos caíamos patas arriba enriba duns charcos e acabábamos emporcados pola auga adiante”⁴³

10. A MALLA.

“ Simulouse unha malla do pan, e a ela, como era tradicional antano, viñeron homes e mulleres a mallar, vestidos con traxes tradicionais. Empezaron a mallar no pan cos “mallos”, e ao poco tempo oiouse un sonido de gaita, que deu lugar a que tanto os homes como as mulleres tirasen os mallos e se puxesen a bailar en grupo”⁴⁴.

11. O BAUTIZO.

“ Iban bautizar a un meco, que traían en Dodotis nunha carretilla, con viño en vez de facelo con auga. Sen embargo, cando chegaron ao “Campo do Moredo”, o meco que iban bautizar saltou da carretiña na que viña e fuxiu. Isto deu lugar a que os demais

42 2018. LOIS PRADO.

43 2012. OSCAR GAYOSO BLANCO.

44 2012. LUIS PRADO.

mecos colleran a unha persoa do público, que andaba medio despistada, e bautizarana co preciado líquido vermello”⁴⁵.

12. A MISA.

“Tratábase dunha misa que daban dous curas. E a un deles sonáballe o móvil i era como o chamaba unha monxa chamada “Sor Irene”. Entón, pídelles perdón ao público por ter que parar a misa para atender ao móvil. Logo, prosigue a misa, e nesto que lle sona o teléfono a outro cura, e tamén era “Sor Irene”. Entón, os dous curas danse de conta que os chamou a mesma monxa, o que da lugar a que tiren coa sotana no chán e queden en calzons, facendo que se lian entre sí collendose das solapas. E cando están nesta faena chega o Papa, e os dous curas poñense de rodillas, facendolle reverencias. Nese momento aparece no campo da festa unha muller disfrazada de monxa cun cartel, que poñía: “Eu son Sor Irene”. Abrázase ao Papa, e este a bicos con ela, vansenos do campo da festa. Entón os curas botanse a correr detrás deles tirandolles pedras”⁴⁶

13. OSO DE SALCEDO E OS SEUS CRIADOS. INFANTIL.

“ Simulouse a versión do Oso de Salcedo (A Poboia de Brollón) e o seus criados por parte dos nenos. Estes colleron as peles coas que se vestían os maragatos, e fixeron de criados dun hipotético oso, de tal maneira que collían aos adultos dentre o público asistente e tirábanos ao chán. Logo, botábanlles fariña pero non cinza líquida como fan en Salcedo”⁴⁷

14. O MASTERCHEF JUNIOR.

Neste oficio participaron tres mecos adultos e sete mequiños. **(FOTO 16).**

“Cada un dos mequiños tiñan que preparar un plato cos ingredientes, que lles daban os cociñeiros, a saber, xamón york, queixo, nata, chourizo, e, tamén, outros produtos non comestibles. Logo, collíase a xente do público, para que fora comendo os diferentes platos e dixese a que sabía o plato, que lle correspondera. Algúns platos levaban no remixido, que lle facían, polvos de talco, cinza de faria, herbas, e algo de terra. O curioso era que había persoas que o comían”⁴⁸.

45 Alberto

46 2013. CARLOS REI ÁLVAREZ (MORITO).

47 2013. IGNACIO E MORITO.

48 2014. MARISÉ REI E MORITO.

15. OS ZAPATEIROS.

“ Fixeron un oficio sobre os zapateiros, aínda que máis que zapateiros eran limpabotas. O oficio estaba ben, pero cando algúns do público comezaron a reventar o oficio, os maragatos comezaron a saltar, quitándolles a roupa aos que provocaron a ruptura e, ademais puxeron nons embadurnados de betún. Fixerono ben os mecos, pero gustaronme moito os maragatos, xa que zumbaron tanto, que realmente foi impresionante; ademais, as persecucións que levaron a cabo, o tirar á xente polo chan. A min gustoume moito que os maragatos realizasen as cousas ben”⁴⁹

16. O CIRURXIÁN.

“ Fixeramos unha camilla; a parte darriba era pra poñer ao paciente, pero tamén fixeramos unha parte por baixo para gardar as súas cousas. Entón o cirujano comezaba a operalo. Para abrillo tiñamos unha motoserra a que lle quitamos a espada á cadena. Claro a xente asustábase ao sentir a motoserra, aínda que xa non tiña a espada. Ademais, levamos quechu, sangue de matar un marrao e todo pra facer o ademán, que cando se fíxese que se cortaba ao paciente, sangrase. Tamén, colgamos botellas de Coca- Cola, que facían de suero. Fora un oficio que chamara moito a atención”⁵⁰.

17. QUE SABES DOS TEUS FILLOS?

Dous mecos adultos, actuaban como coordinadores da proba. Logo, interviñan cinco mequiños e cinco mecos, que eran os seus país.

“ Cada pequeno preguntábanos unha cousa, que tiñamos que saber. A min, preguntoume a miña filla como se chamaba o can da súa mellor amiga. Eu, como non tiña nin idea da resposta, estampoume na cara unha tarta de nata montada e os pequenos pasaron moi ben. Non sabíamos nin o que nos íban preguntar, nin tampouco o que íban facer. Únicamente o sabían os que coordinaban este oficio e mais eles. As preguntas eran

49 2023. JOSÉ MANUEL SEIXAS.

50 2012. MARISÉ REI.

retorcidas, de tal maneira que aínda que algún acertou, á maioría tiraronlle unha tarta de nata á cara”⁵¹ (FOTO 17)

18. O EXÉRCITO DO MOREDO.

Interveñen nove mecos, que forman parte do “exército do Moredo”.

“ Da Casa do Xocamá saen oito reclutas, dirixidos por un cabo o un sarxento, e chegan ao Campo do Moredo coa metade do corpo desnuda. Xa no campo poñense a facer flexións nun enorme barrizal seguindo as instrucións dun meco, que facía as funcións dun cabo ou sarxento. Ao rematar os exercicios, realizan a xura de bandeira. Neste momento interven un novo meco, que fai o papel de oficial. Este leva na súa man esquerda unha bandeirola, na que están cosidas na parte central unha especie de rosáceas; na man dereita, porta un pao, substitutivo do sable. Este, colocao a unha altura inferior a dos reclutas, polo que estes teñen que baixar a cabeza e acabar bicando o centro da bandeirola onde se encontran as formación rosáceas”⁵².

A nivel simbólico, cómpre ter en conta que “a rosa” é un símbolo básico do “pucho”, que constitue un dos elementos esenciais do Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba. De ahí, que lle demos a esta formación militar o título que leva.

19. AS BODAS DO MORITO E DO JORDI (O BODORRIO)

A do Morito, realizouse no ano 2013, e a do Jordi, no ano 2020. Teñen dúas características común: a primeira, e que se levou a cabo coas súas actuais parellas; e a segunda, e que ninguén dos participantes directos estaba enterado do que ía pasar. No caso da do Morito, e Ángeles interviron no oficio uns actores da televisión galega, que eran coñecidos do Moro e que se prestaron pra broma. Así, falamos de Pepe Pena Abade, que viña vestido de crego; de Campoi, de monaguillo; e Miguel de Lira, como si fora dando de comulgar á xente.

No caso da do Jordi e a súa dona, estivo precedida dunha potencial boda, a que acudían moitos invitados dos noivos, a maioría parellas. Esta boda non quixo oficiala un concelleiro do axuntamento de Chantada, o que deu lugar a que o noivo pediría explicacións xestuais do feito. Nesto, que no “campo do Moredo” levase a cabo un revoltixo tremendo, que da lugar a que unha meca vista de noiva – vestido branco- á

51 2019. ALEXANDRA CABANAS.

52 2019.

parella de Jordi e que un meco vista de noivo – traxe vermello- ao Jordi, sen que ambos os dous soubesen nada. O oficio remata pousando os noivos cos seus padriños e ante o xolgorio do público asistente.⁵³ **(FOTO 18)**

20. CORRIDA DE TOROS.

“ Participaron cinco mequiños. O público asistente fixo un circulo a modo de praza de toros, onde actuaron estes persoeiros. Cada mequiño tiña un papel nesta corrida. Un facía de torero, vestido con traxe de volante, e portando un tecido a modo da capa que usa o torero. Outro, levaba uns corozos de maíz, que simulaban unhas banderillas. Un terceiro, iba cun cabalo de plástico, facendo o papel de picador. Un cuarto levaba unha especie de touro de madeira. E o último, que facía de axudante do torero, levaba tamén un tecido, que simulaba unha capa pra torear”⁵⁴.

21. A POXA DO SANTO ENTROIDO.

O Santo Entroido, representado por un boneco vestido de volante co seu pucho é levado en procesión, acompañado dunha serie de mecos, dende a “Casa do Xacomá” ata o “Campo do Moredo”. Aquí a procesión da unha volta ao campo da festa e detense no medio do campo e ao carón da horta de arriba. Neste lugar, un crego reza varias preces ao Santo, mentres os seus acompañantes permanecen de rodillas. Logo, comeza “a poxa” dirixida por un membro da asociación entroidana da seguinte maneira:

“Empeza a poxa, con vinte euros, quen da máis, que me casco; 25 euros ofrece aquel que está sin papeles; quen da trinta; mirade que lacón, que vale sesenta; quen da trinta, trinta dá aquela señora; trinta euros a unha; as dúas e as tres, queda para a señora. Empezamos con outro lacón por 20 euros, aquí José Manuel da 25; quen da trinta, a cuñada do Oscar, dá, dá, que che mando o maragato... Lote de rabos e orellas, 5 euros e con cordón e todo. José Manuel, que ten a mao levantada da 10 euros, 15 Montse; 15 a unha., as dúas, e as tres; queda para ti. ¡ Ai que pagar ao contado, senón vai o maragato!. E a poxa segue un pouco máis...”⁵⁵.

22. JESÚS NACEU EN BELÉN, E NO MOREDO NACEU...

53 2020.

54 2017. CARLOS VIGO VARELA.

55 2020.

“ Foi un oficio, que fixeron os nenos o “marte de Entroido”. Era moi irreverente. Viñan varios pequenos vestidos cuns disfraces, que conseguimos en Lugo dun saldo daquelas funcións, que facían os escolares polo Nadal da representación do nacemento de Xesús. Entón, había un disfraz da Virxe María; outro do San Xosé; había tamén dous pastores. Con esto, dixemos: imos facer algo pero dunha maneira un pouco irreverente. Entón, o que se lle ocorre a Marisé, e falando cos nenos, foi representar o nacemento do Entroido. Desta maneira, Leonor e outros pequenos vestíronse cos esos disfraces. A miña pequena -Leonor-ía de Virxe María e levaba un bandullísimo moi grande co que chegaba un momento que se poñía de parto, e ¡Ai! ¡Ai! ¡Ai!. O San José non sabía que facer, non sabía onde meterse, e de repente sacan dous bonecos, un par de xemeliños: un deles, estaba vestido como un volante; e o outro como un maragato. Desta xeito nacera así o Entroido” ⁵⁶. (FOTO 19)

6. O TEMPO DO ENTROIDO EN SANTIAGO DE ARRIBA. O PASADO E O PRESENTE.

6.1. A DINÁMICA DO ENTROIDO NO PASADO.

Denantes da guerra civil a festividade do Entroido celebrouse nunha explanada rodeada de castiñeiros, que estaba situada no lugar de “A Pousa”, moi preto da antiga igrexa parroquial. Poucos anos despois de rematar a guerra civil o festexo foi trasladado ao “Campo de Moredo” ata o intre actual. O entroido celebrouse durante os mesmos días que hoxe, é dicir dous domingos consecutivos denantes do Domingo de Entroido, que recibían os nomes de Domingo Lambedoiro e Domingo Corredoiro, aos que había que engadir o Martes de Entroido. Nestes días viña moita xente non só da vila de Chantada e contorna, senón tamén doutros lugares e parroquias pertencentes aos concellos de Carballedo e O Saviñao. Así, adoitábase ver xente de Castro (Carballedo), Fión (O Saviñao), Escairón (O Saviñao), Diamondi (O Saviñao) etc. *“Foron catro días nos que estubo todo cheo de xente; non había camiño, nin carreiro, nin campo, nin nabeira, en todo o lugar de Arriba, dende o que se pudiera ver o Moredo, que non houbera xente”* ⁵⁷. Os organizadores do Entroido tiñan que planificalo moitos días antes, xa que había que preparar os puchos, as campañas, as caraútas, e os oficios. Así, nun Entroido da década dos cincuenta do século pasado había que salientar as seguintes tarefas:

56 2020. ALEXANDRA CABANA E MARISÉ REI.

57 GONZÁLEZ REI, Iván.: “Os contos do meu amigo Pepe”, en *Rev. Dixital: “Etnografía”*. Ano 2010. www.mesondoforno.com.

1ª. Con suficiente antelación ao evento festivo, un bo número de veciños adoitaba reunirse ao anoitecer na cantina da parroquia para rizar o papel necesario para a elaboración do “pucho”. Este labor duraba varios días. Ao rematar, colocábano nunha caixa e levábanllo a Nina e a María do Diego, que eran as encargadas de realizar as flores do pucho.

2ª. Uns días antes de que empezara o festexo preparaban os cintos das campaiñas en función do seu son. De aí que para que estivesen a punto para o Entroido era necesario que soasen pola parroquia nas noites previas ao festexo, coa finalidade de que encaixasen ben no cinto.

3ª. Nos días do Entroido os volantes percorrían pola mañá as distintas casas da parroquia tocando as campaiñas. O luns soían ir por outras parroquias e lugares do Saviñao - Fión, Mourelos...- e de Chantada – Pincelos, Belesar...-. Nestes lugares soían darlles viño, que os maragatos introducían nos “pelellos”⁵⁸, que levaban. Este viño ía ser usado pola tarde na festa do Entroido do Moredo para convidar á xente asistente.
(FOTO 20)

4ª. Ao rematar de xantar⁵⁹ un grupo de mascarar reuníase na estrada, que comunica a parroquia de Santiago de Arriba coa vila de Chantada e con outras comunidades limítrofes. Desde alí, sobre as 16 horas, o grupo iniciaba a marcha ata o “Campo do Moredo”. Ía acompañado polos gaiteiros de Vilar de Mato, e por veciños e persoas doutras comunidade. Ao chegar ao lugar de “O Pedroso”, un volante e algúns maragatos baixaban por un carreiro e atravesaban as hortas e os campos, que había, ata chegar ao Moredo. O resto do grupo, así como o público acompañante continuaban polo camiño habitual.

5ª. Xa no campo do Moredo, os volantes empezaban a danzar e a exhibir as súas vestimentas diante do público asistente, moi numeroso, ata o punto que había que encordoar unha parte do campo, para poder levar a cabo os diferentes oficios. No seu primeiro contacto co público, os maragatos procuraban que ninguén traspasase o acordoamento realizado. Transcorrido certo tempo, os volantes e maragatos, acompañados dos gaiteiros, viñan a “*Casa do Quintana*” a buscar aos mecos encargados do primeiro oficio. E así ía a acontecer ata o cuarto, xa que o habitual era que cada día do Entroido se representasen catro oficios. A partir do primeiro os

58 No interior da antiga escola de Santiago de Arriba, hoxe convertida nun espazo cultural do Entroido Ribeirao, conservase un destes pelellos.

59 Os dous volantes tiñan que invitar a comer aos seus maragatos. Informante: Jordi González.

maragatos perseguían cos seus látegos as persoas, que tentaban esnaquizalos no transcurso da tardiña.

A finais desta década, representouse un oficio moi peculiar, que foi lembrado pola xente da parroquia durante ben anos.

Tratábase da escenificación dun parto, no que interviron *Antonio do Manolo*, que fixo o papel dunha muller embarazada; o *Viadilla*, que era o médico; e *Pepe do Pataco*, o practicante. Pois ben, a muller púxose de parto, mais ninguén sabía que o aumento da barriga debíase a dúas bolsas, que lle colocaran no ventre. Unha chea de sangue, que o *Pepe do Pataco* fora a buscar a unha carnicería de Chantada, situada a carón do concello; e a outra a un gato vivo. Cando comezou o parto, as dúas bolsas foronse abrindo paseniño, e o resultado provocou sustos e risas, xa que o gato miando e con sangue no corpo apareceu correndo no medio do público. Ao mesmo tempo, mentres acontecía isto, os persoeiros enfariñaban e encinzaban á xente.

6ª. Por outra banda, os veciños dunha parroquia colindante podían acudir a escenificar un oficio sempre e cando se recoñecesen diante do “Volante maior” (Volante rei) e dun maragato nos lindes da parroquia e, logo, no propio campo da festa.

7ª. Neste tempo era moi habitual a saída pola parroquia, das “maragatas”, que eran homes vestidos de mulleres, que levaban medias de cristal. Así, fixeron de maragatas, entre outros, *o Evaristo, o Pepe da Proba...*⁶⁰ (FOTO 21)

8ª. O martes de Entroido, denantes de rematar o festexo, algunhas mulleres da parroquia, vestidas de negro e cunha caraúta na cara de cor branco, acudían ao “Campo do Moredo, coa finalidade de realizarlle ao “pucho” unha despedida. Neste acto interviñan tamén os volantes, os maragatos e algúns mecos, que se colocaban de xeonllos en torno aos puchos.. Previamente os volantes danzaban ó redor do pucho e, logo, tamén se axeonllaban.

Todos sen excepción choraron ao Entroido durante un breve periodo e ao rematar elevaban as súas mans de cara ao ceo, tirando as súas caraútas. Mentres acontecía isto, un maragato poñía o pucho na cabeza e saía correndo do “Moredo”, quizais simbolizando ao Entroido que se ía.

Como remate do festexo hubo baile de gaita ata que a xente paseniño comezou a marchar

60 Informante: Beatriz González (Beti).

para os seus lugares de procedencia, levando “fachóns” para alumear os camiños e carreiros ⁶¹. Noutrora, o Volante Rei, denantes da despedida ao Entroido, danzaba por todo o campo e os pequenos íanlle collendo as colonias do pucho, tarefa na que tamén colaboraban os pais dos pequenos. Comentase, que algunha vez pegouse “ ao pucho” dous tiros e desta xeito acababa simbólicamente a festa. De todos os xeitos, o habitual era facerlle “ o choro ao pucho”. Daqueles entroidos de antano sobresaíron unha serie de persoeiros: *Pepe do Pataco, Nina, María do Diego, Pedro do Artilleiro, Arturo* – que aínda saíu como volante no ano 2012- *Camilo da Predesa, O Roxo, Emilio, Benido, Antonio do Manolo, Viadilla, Manuel do Viutos, Santiago, o Larán, a “Casa do Quintana”* para preparar os oficios, *a “Casa de Marcos”, Pancho, Florentino, o Ramón, Toñito de Xacomá, o Evaristo, a “Casa de Viutos”...*

Naquel tempo, estaba mal visto traballar no “tempo do Entroido”. Así, no caso de que alguén o fixera podían quitarlle o carro e outros aperos de labranza, que adoitaban deixar nalgún lugar apartado da parroquia, para que tivera que ir por él. **(FOTO 22)**

Finalmente, daquela conviña pedirlle permiso ao párroco, que dalgún xeito podía actuar de mediador diante das autoridades civís (chamese na práctica a Garda Civil). No obstante, isto non o facía dunha maneira desinteresada, senón que lle tiñan que podar as vidas, e axudar na vendimia. E aínda así podía vir a Garda Civil. De aí que houbera veciños que, colocados en sitios estratéxicos, puideran dar aviso da súa chegada. Isto permitía que as persoas, que interviñan no Entroido, tivesen tempo de tirar as caraútas e outras prendas nas silveiras e toxos para eludir a multa.

De todas maneiras, nalgúns anos houbo que pagar multas de 1200 ptas e de 200 ptas, que se distribuían entre a comunidade parroquial. Ademais, o cinto das campañas foi requisado unha vez pola Garda Civil. No obstante, conseguírase cambiar as campañas boas por outras moi correntes.

6.2. ETAPA DE TRANSICIÓN.

Nesta etapa que eu situo aproximadamente nos últimos vinte anos do século vinte, non houbo Entroido debido entre outros motivos, á falta de mocidade para facelo; e, tamén a falta de organización. No obstante, esta parroquia malia non poder facer o Entroido

61 GONZÁLEZ REI, Iván “Contos do meu amigo Pepe”, en *Rev. Dixital “Etnografía”*, 2010, www.mesondoforno.com.

Conversas de Pepe do Pataco con José Manuel Blanco Prado sobre o Entroido de Santiago de Arriba. Anos 2009 e 2010.

mostrou unha relevante solidariedade con outras parroquias da Ribeira, que se o levaron a cabo, contribuíndo dalgún xeito a súa realización.

Así, a finais do século XX e principios do XXI, o Entroido únicamente se celebrou durante tres anos en Vilaúxe. Pois ben, a comunidade de Santiago de Arriba aportoulles durante dous anos consecutivos o cinto grande de campañas cun volante. A única condición, que se lles puxo foi que o volante, tiña que vestirse nesta parroquia e denantes de marchar para Vilaúxe ía facer un breve percorrido por algúns lugares da parroquia. Ademais, algún ano prestouselles tamén o armazón do pucho para ter o Entroido alá ⁶². Así mesmo, sabemos que un veciño de Santiago de Arriba axudou en San Pedro de Líncora no festexo antroidano. *“...O carnaval naceu en Santiago de Arriba / o que pasa é que aí a xuventude acabouse / acábase e van quedando vellos / entón non hai quen axude e vaise acabando / entón estas parroquias nas que hai máis mocidade vano tendo / vano tendo / eu estou aquí para axudar / eu son de Santiago de Arriba / se eu non pode telo / axudo ó que o pode ter / isto é moi antigo / é unha tradición moi vella e gusta tela/...”*⁶³.

6.3. A DINÁMICA DO ENTROIDO NA ACTUALIDADE.

En Santiago de Arriba comeza a celebrarse o Entroido dous domingos denantes ao domingo do Entroido. Recibe o nome de “Domingo Lambedoiro”. Dende hai varios anos a “Asociación do Entroido Ribeirao” desta comunidade adoita invitar neste domingo a outros entroidos galegos para dalos a coñecer na vila de Chantada ao mediodía e, logo, pola tarde á xente, que acode ao “Campo do Moredo”, sito en Santiago de Arriba.

No ano 2024 esta Asociación trouxo o Domingo Lambedoiro como invitados aos seguintes Entroidos: Os Felos de Esgos (Ourense)⁶⁴. Os Farrumecos de Sobradelo (Ourense)⁶⁵. Os folións e boteiros de Viana do Bolo. Ao “Oso de Salcedo” (Lugo)⁶⁶; a

62 Informante: Xoán Carlos González. Santiago de Arriba.

63 ARAUXO, Emilio.: Ob. cit., páx. 93 . *Referencia ao Domingo Lambedoiro de San Pedro de Líncora.1992.*

64. Foi o Entroido, que asistiu con máis integrantes, que portaban unha vestimenta moi cromática; unhas chocas no cinto, que facían soar; e unha caraúta de cartón ornadas con símbolos zoolóxicos.

65 X.M.F. “Xornal de Lemos”. 28-1-2024. *“Trátase de persoeiros que van vestidos con capas, mandís, mantóns, un pano na cabeza, e unha caraúta branca. Ademais, levan colgados da gorxa collares de castañas, cebolas e allos”*

aos “Troiteiros” de Bande⁶⁷ (Ourense). Estes, xunto cos anfitrións de Santiago de Arriba reuníronse ás 11,30 da mañá na vila de Chantada ao carón do parque infantil. Dende alí levouse a cabo un desfile por diferentes rúas da localidade onde o público asistente puido coñecer as diferentes máscaras e outras peculiaridades de cada Entroido sinalado. Logo, a partir das catro e media da tarde estes entroidos deronse a coñecer no “Campo do Moredo” (Santiago de Arriba), lugar de celebración dende sempre do Entroido desta comunidade. **(FOTO 23)**

Os dous domingos seguintes, chamados Domingo Corredoiro e Domingo de Entroido, e o Martes de Entroido, os volantes percorreron todos os carreiros da comunidade parroquial deténdose naquelas casas habitadas, nas que os seus donos lles ofreceron viño da ribeira e algunha que outra vianda. Ata o ano 2012 o habitual era que visitasen en primeiro termo a “Casa de Pepe da Proba”, que xa tiña preparados baixo o alpendre os vasos axeitados para enchelos dun bo viño branco.

Todos os días do Entroido celébrase un xantar a primeiras horas da tarde baixo unha carpa cuberta e adosada a antiga escola ⁶⁸. Adoitan asistir os participantes no Entroido; algúns veciños; amigos; e tamen algunhas persoas, que veñen xa ao mediodía para asistir “ao festexo entroidano” da tarde. Logo do xantar, xuntouse un grupo de maragatos e volantes na estrada, que dá acceso á vila de Chantada e segue ata os Peares. Desde alí iniciase as 16 horas a marcha ata o “Campo do Moredo” ⁶⁹, lugar de celebración do Entroido ⁷⁰. Esta soe estar integrada non só polos volantes e maragatos, senón tamen por algúns veciños e persoas foráneas, que veñen a ver os diferentes oficios. Ademais, esta comitiva adota estar amenizada polo grupo de gaiteros de Vigo, denominado “*Xente de aquí e aculá*”.

Este grupo leva actuando neste Entroido dende finais da primeira década deste século. Está composto polas seguintes persoas: ***Jennifer Prado, David Rivera, Jandro Barciela, Esteban Lago***. Cada día do Entroido, tocan máis de 60 composicións

66 O “Oso de Salcedo”, viña cuberto de peles e unha caraúta de madeira. Ademais, viña acompañado de varios criados.

67 X.M.F. “Xornal de Lemos”. 28-1-2024. “Van provistos dunha vestimenta branca e dunha máscara con chapeu de copa e velo sobre a cara”

68 Hoxe esta antiga escola está sendo convertida no futuro “Museo do Entroido Ribeirao” en Santiago de Arriba (Chantada). O seu custo foi subvencionado pola Deputación Provincial de Lugo.

69 Distante uns 350 metros dende a estrada.

70 Nos catro días de festexo entroidano.

musicais, predominando “as muñeiras” e “as xotas”. Con todo, teñen unha especial importancia as seguintes composicións: “A marcha do Entroido” a as “Dúas marchas dos oficios”. Ambas as dúas diferencianse pola melodía, xa que o patrón rítmico era o mesmo.

Cando a comitiva chegou ao lugar de “O Pedroso”, dividiuse en dous pequenos grupos: un deles, composto por algún volantes – un co pucho- e maragatos baixaron por un camiño e atravesaron as hortas e os campos, que había, ata chegar ao Moredo. O resto do grupo, así como o público acompañante continuou polo camiño habitual. Dende sempre, os volantes pasaron polas hortas e polas terras de labor, sendo considerado como algo benefactor pras mesmas, ata o punto que os mesmos propietarios acceden gustosos e mesmo queren este ritual de paso.

Xa no Moredo, tanto os volantes como os maragatos cumpriron coa súa función específica. Así mentres os volantes bailaron e exhibiron os seus traxes diante do público asistente, os maragatos protexeron aos volantes no seu baile e, posteriormente aos mecos na realización dos diferentes oficios. Estes consistiron en curtas representacións teatrais nas que se aludía a diferentes sucesos da realidade en xeral e da vida cotiá das persoas en particular, usando como instrumentos básicos a bulra, a sátira, a ironía... **(FOTO 24)**

O martes de Entroido, ao rematar os oficios, os volantes levaron “os puchos”, que se usaron no Entroido, para o campo da festa. Alí, deixaronos no chan, e fixeronlles unha breve danza ó redor. Seguidamente, as choronas ⁷¹ puxéronse de xeonllos no chán acompañadas dos maragatos e volantes, que quitaron as súas máscaras como despedida ao pucho. Ao rematar “o choro”, un dos maragatos recolleu o pucho grande e cruzou as hortas ao revés, mentres que un volante acompañou ao maragato, que gardou o pucho ata o ano seguinte.

Logo do choro, faise unha churrascada baixo a carpa ata ben entrada a noite. E deste xeito remata o Entroido, xa pensando no ano vindeiro.

7. O “ROL” DA MULLER E DOS CATIVOS NO ENTROIDO.

71 Trátase de mulleres enlutadas, que levan unha máscara moi sinxela de cor branca, e que xuntamente aos maragatos e volantes participan “no choro do pucho”, que e o acto co que o Entroido remata.

Case sempre o papel da muller nos medios rurais foi dunha gran relevancia de cara ao mantemento da “Casa familiar”. A muller leva a cabo unha dobre tarefa. Por unha banda ocupase das tarefas domésticas ligadas coa limpeza, coa cociña e cos nenos no suposto que os haxa. Tamén se adica a axudar ao seu cónxuxe nas tarefas agropecuarias. Pois ben, este labor constante e permanente da muller no seo da unidade familiar proxéctase tamén de cara a algúns eventos festivos como é o caso do Entroido.

Neste festexo a súa tarefa era ardua e menos visible que a do home sobre quen xiraba o eixo da festa. A muller permanecía nun segundo plano, encuberta como espectadora máis que como actora, como elemento pasivo e non activo. E o intre no que cómpre difundir o importante “rol”, que amosa a muller neste evento festivo, no que ata hai ben pouco non podía participar co home dun xeito visible de cara ao público – agás nalgúns oficios-.

Polo que respecta ao Entroido de Santiago de Arriba, a muller desde sempre é a que lava os traxes; compra o papel de pinocho; cortao e, logo, realiza as flores do pucho⁷², tamén

as cintas ou colonias de diferentes cromatismo. Se as flores e cintas se humedecen ten que facelas de novo; ás veces nun curto tempo o que a obriga a empregar moitas horas de traballo. No intre actual, como xa vimos anteriormente, a única persoa que sabe realizar as flores do pucho, segundo a tradición parroquial, é Marisé Rei. Outras mulleres, como Carmen Rei, Vanesa, Alba Quintela, axudana a cortar o papel: realizar as colonias; atar as cintas; e mesmo colocar as flores no pucho, aínda que nesta última tarefa axudana tamén os homes, na súa maioría pertencentes a “Asociación do Entroido de Santiago de Arriba”. **(FOTO 25)**

Nos días propios do Entroido, as mulleres da asociación encarganse tamén da tarefa gastronómica, consistente en realizar varios encargos, cociñar algúns platos, poñer a mesa ...Logo, a tardiña pasan bandexas de empanada, carne e doce entre o público asistente ao festexo, que adoita acompañar co viño tinto da ribeira, que ten a súa disposición ao carón da “Cantiña do Moredo”, moi ben atendida por Jordi González. No obstante, dende mediados da primeira década deste século os homes da Asociación do Entroido de Santiago de Arriba comezaron a axudar a muller nos labores gastronómicos: facendo o churrasco, poñendo a mesa, indo a algúns encargos ligados coa gastronomía...

⁷² No intre actual a única persoa que sabe realizar as flores do pucho en Santiago de Arriba é Marisé Rei, dona de Xoán Carlos González.

Ademais, e isto é moi relevante, a muller, co paso do tempo, acadou participar neste evento festivo como unha máscara máis, e así no intre actual podemos ver como as mulleres xa non so axudan nos oficios, senón que se visten de volantes e maragatos en calquer día do Entroido. Mesmo, no martes de Entroido houbo anos nos que a participación da muller como volante foi maioritaria. *“Así no ano 2019, dos oitos volantes que sairon no martes de Entroido, sete eran mulleres”*⁷³. Sen lugar a dúbidas unha conquista da muller merecida.

Antano, non había participación infantil no Entroido. Díciase que era algo exclusivo dos homes. No obstante, dende que comezou a funcionar a “Asociación do Entroido de Santiago de Arriba” a mediados da primeira década deste século unha das cousas prioritarias ,que levou a cabo, foi que o neno coñecese o Entroido e que participase nel. *“ O futuro do Entroido son os nenos, entón, deixámoslos que se vistan de volantes e de maragatos todos os días, mais no martes damoslles a opción para que poidan participar nos oficios, integrándose pouco a pouco cos adultos”*⁷⁴ . *“Os nenos son o futuro. Imolos integrando pouco a pouco nos oficios cos maiores. Hai nenos, que se visten non so de volantes, senón tamen de maragatos, e fano cos adultos”*⁷⁵. Efectivamente, como autor deste traballo⁷⁶, puideron constatar dende o principio como os pequenos cunha curta idade – algúns con tres anos- comezaron a participar como volantes, e maragatos axudados polos adultos. Ademais, o martes de Entroido foron aprendendo o labor de “meco” intervindo nalgúns oficios cos adultos. Mesmo, neste día houbo oficios nos que a participación infantil foi maioritaria. Polo tanto, este Entroido non depende dos adultos como noutrora, senón dos pequenos, de aí que sexa un Entroido rexuvenecedor. **(FOTO 26).**

8. AS DIFERENCIAS DO ENTROIDO DE SANTIAGO DE ARRIBA CO DOUTRAS COMUNIDADES DA RIBEIRA DE CHANTADA.

Con respecto ao Entroido de Nogueira do Miño as diferencias eran moi marcadas en canto

73 Traballo de campo do autor.

74 Informante: Marisé Rei, de Santiago de Arriba.

75 Informantes: Ignacio e Morito, membros da “Asociación do Entroido de Santiago de Arriba.

76 O autor, D. Xosé Manuel Blanco Prado, estivo neste Entroido como investigador e como amigo, dende o ano 2005, ata o ano 2024, pensando seguir asistindo se a saúde me acompaña. Puideron comprobar o alto grado de participación infantil neste festexo.

aos puchos, as campaiñas e, tamén, na relevante presenza de cativos no festexo.

1ª. Os puchos de Nogueira tiñan un formato diferente aos de Santiago, xa que estes son máis abertos e os de Nogueira tendían á convexidade.

2º. As flores de Nogueira eran distintas cualitativamente con respecto ás de Santiago. Tanto en Nogueira como San Pedro e Vilaúxe as flores faciannas con papel corrido; non cortaban o papel.

Conforme ven o papel, abreno, rizano por un lado e vano enroscando, formando a flor. De aí que na feitura das flores desas tres comunidades haxa certas similitudes, algo que non acontece con Santiago de Arriba. Nesta parroquia realizan as flores con papel cortado. O seu número varia entre 110-120 flores, segundo como rize o papel. Se éste riza ben faise unha flor dunha medida, mais se riza mal tés que poñerlle máis pétalos para acadar unha flor fermosa.

3º. En relación aos bonecas do pucho, os de Santiago de Arriba amosan dúas: Unha na parte anterior e a outra na parte posterior. Pola contra, os de Nogueira había anos que lle colocaban bonecas e outros non.

4º. Con respecto aos plumachos, os de Santiago de Arriba poñenlle nos puchos cinco plumachos. Dous na parte anterior, outros dous na parte posterior, e un no centro. Antano

estes plumachos procedían do altar da Virxe do Perpetuo Socorro. Os de Nogueira ás veces llos poñían e outras no. Cando os levaban eran de papel.

5º. Os de Santiago colocan as campaiñas boas no “cinto grande”. Pola contra, os de Nogueira repartían as campaiñas entre todos os cintos. **(FOTO 27)**

6º. En Nogueira interviñan nos oficios unha proporción maior de xente moi adulta, algo que non sucede en Arriba, onde grazas a Asociación do Entroido Ribeirao segue habendo

cativos, mozos e adultos de diferentes idades.

7º. En Santiago interveñen no festexo do Entroido un número importante de cativos debido a que todo o ano fanse “talleres do Entroido”, adicados a eles e dirixidos por Marisé Rei.⁷⁷.

8º. Con respecto a Vilaúxe (Chantada) - comunidade que deixou de conmemorar o Entroido

a comezos deste novo século- había diferencias ostensibles non só en canto ao pucho e

⁷⁷ Tanto Marisé Rei como o seu conxuxe Juan Carlos González, presidiron a Asociación do Entroido Ribeirao.

as campañas - son máis armónicas en Santiago- senón tamén con respecto ao remate do Entroido.

Así, mentres que en Santiago poñíase fin a festa co “choro do pucho, como queda xa reflectido, en Vilaúxe remataba o festexo co “Enterro do Entroido”. Éste era simbolizado por un meco, que se introducía nun cadaleito e tiña que escoltar durante algún tempo prantos, lamentos e lectura duns salmos ininteligibles por parte dos outros mecos, que o que o estaban despedindo.

A representación do Entroido por medio dun home foi algo usual en toda Euroa ata o século XIX, no que foi substituída por bonecos, para evitar posibles danos físicos a antiga representación ⁷⁸.

7. A PROHIBICIÓN DO ENTROIDO.

Desde o século XIV ata a década dos setenta do século pasado houbo ordes, decretos e bandos máis restrictivos ou menos segundo a conxuntura política existente.

Aparentemente

o temor a comportamentos agresivos e bruscos era o que estimulaba aos políticos para impedir a celebración deste festexo. No obstante, a razón específica radicaba na crítica, que se realizaba das normas vixentes usando a sátira, a burla, a risa etc. As prohibicións desta festividade tiveron unha maior forza durante o franquismo ao unirse o poder civil e o eclesiástico⁷⁹ (FOTO 28)

Así o poder civil por medio da Dirección Xeral de Seguridade sacou á luz o seguinte

texto: “ *Próxima la semana de quincuagésima y continuando en vigor la prohibición*

de

toda manifestación callejera de Carnaval, aunque tolerados en privado los bailes de

sociedad con trajes de época que no constituyan disfraz, y sin velar el rostro en

ningún

caso, o momentánea aparición en las calles de personas que con uno de dichos

78 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M., e MARIÑO FERRO, X.R.: *Antroido en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987, páx. 68.

79 VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Xosé Manuel. “ O entroido nas ribeiras de Chantada. A persistencia da festa”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. T. VII. Vol. 2, 1995, páx. 252.

atuendos autorizados en su inevitable desplazamiento de ida y regreso, puedan servir de pretexto para presentarse en público arbitrariamente disfrazados con ropas astrosas unos e incurriendo otros en la poco original y recusable extravagancia de vestir prendas de su sexo contrario, la cara tiznada y dando muestras en chabacanas pandillas de una ruidosa euforia a la que no suele ser ajena la ingestión alcohólica, que les ayuda a vencer el pudor de su ridícula situación, para evitar estos excesos se recuerda la prohibición existente y se hace público que los agentes de la autoridad procederán a la detención de estos tozudos de mal gusto, que serán severamente sancionados”

Pola súa banda, a igrexa continuou condenando o festexo malia que diferentes comunidades seran partidarias de mantelo. De aí que mandase celebrar como acto de desagravio, triduos, vigiliás, adoracións nocturnas⁸⁰.

Con todo, un número considerable de comunidades rurais seguiu celebrando o Entroido malia os apercibimentos e as multas correspondentes. Isto foi o que aconteceu en Santiago de Arriba, onde por varias veces tivo a parroquia que pagar varias multas durante o rexime franquista e máis concretamente entre as décadas dos corenta e setenta. Tivo moita sona no contorno o que sucedeu nun Entroido dos anos cincuenta do século pasado.

“ Houbo unha denuncia dun crego no cuartelillo da Garda Civil, o que deu lugar a que o brigada, que tiña o alcume de “Tocamadera” acudise á parroquia con dous números do posto. Logo de chegaren fixo un parte do acontecido, colleu o mellor cinto que había, e levouno para o cuartelillo. Menos mal que grazas a uns bós amigos da parroquia, que tiñan influencia coas institucións, conseguíuse cambiar as campañas boas por outras

80 COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1992, páx. 321.

ruíns. De tódolos xeitos houbo que pagar unha multa de trescentas ptas. naqueles tempos

aos que fixo fronte a parroquia ⁸¹. Co paso dos anos houbo que pagar outras de menor cuantía para recuperar os traxes, os panos e ata “o pucho”. Todo isto foi rematando coa chegada dun novo tempo de máis permisividad e e tolerancia, ata chegar aos tempos actuáis

nos que está vixente un Estado de Dereito. **(FOTO 29)**

8. PROYECCIÓN DESTE ENTROIDO AO EXTERIOR.

O Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba estáse dando a coñecer ao exterior de tres xeitos:

1. Nos días de festividade do Entroido, hai varias actuacións dos volantes; dos maragatos; dos mecos no “Campo do Moredo”.
2. En días anteriores ao Entroido ou mesmo noutras datas, a Asociación do Entroido de Santiago de Arriba xestionou varias actividades coa finalidade de dar a coñecer este Entroido ao exterior. Así, facendo unha breve lembranza da primeira década do século XXI cómpre salientar as seguintes actividades:
 - * No ano 2003, fixose un acordo coa Asociación Xosé Soto de Fión (O Saviña) para levar a cabo unha exposición permanente dos persoeiros do Entroido Ribeirao.
 - * No ano 2009, colaborouse nun congreso celebrado na cidade de Ourense sobre “O Entroido”.
 - * Houbo unha participación relevante no “proxecto Ronsel”, organizado pola Universidade de Vigo.
 - * Entre os anos 2008-2010, este Entroido deuse a coñecer en diferentes desfiles celebrados nas cidades de Ourense, Pontevedra e Lugo.
 - * Ademais, a súa presecia foi palpable na TVG, no programa de “Luar”, presentado por D. **Xosé Ramón Gayoso**. Tamén, en Localía televisión (Lugo).

Na segunda década e momento actual tamén é mester sinalar ás seguintes accións: **(FOTO 30)**

81 Informante: Pepe do Pataco. Santiago de Arriba .Conversas con J.M.Blanco Prado.

1ª. No ano 2012, este Entroido deuse a coñecer nun desfile celebrado na vila de Potes (Cantabria). Neste mesmo ano, foi relevante a participación deste Entroido no “Folión dos Carros” de Chantada.

2ª. En anos sucesivos, este evento festivo manifestouse por medio de desfiles en varias vilas e cidades, como Gijón, Salcedo (A Pobra de Brollón), Viana do Bolo (Ourense), Lugo, Santiago de Compostela, Vilariño de Conso (Ourense. Así mesmo, este Entroido desfilou nas mascaradas internacionais de Lisboa e Vilariño de Conso (Ourense).

3ª Durante o ano **Xoán Carlos González** e outros membros da “Asociación do Entroido Ribeirao” como **Marisé Rei e Xosé Manuel Seixas**, imparten charlas por diferentes colexios, e institutos explicando os pormenores deste Entroido. É moi meritoria a tarefa que está a impartir dende hai anos **Marisé Rei**, por moitos colexios e institutos, facendo talleres sobre “a maneira de confeccionar o pucho”⁸². Ata estes intres este labor levouna a cabo en colexios e institutos (I.E.S.) das seguintes localidades: Antas de Ulla, Becerreá, Castro Ribeiras de Lea, Castroverde, Chantada, Guitiriz, Lalin, Lugo, Taboada... Trátase dunha tarefa moi dinámica que vai continuar en próximos anos. **(FOTO 31)**

9. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS ANTROPOLÓXICAS SOBRE O ENTROIDO DE SANTIAGO DE ARRIBA.

Este Entroido segue sendo un dos poucos existentes de aldea en Galicia, que se celebra durante catro días, e que conserva as súas sinais de identidade “**É un Entroido de aldea pequena, que o fai moi interesante ao quedar no núcleo da localidade**”⁸³. Un dos trazos máis peculiares deste Entroido e a función fecundadora e fertilizante, que tiveron e seguen tendo “os volantes” na Ribeira chantadina”. É dicir dende sempre, os volantes pasaron polas hortas e polas terras de labor, sendo considerado como algo benefactor pras mesmas, ata o punto que os mesmos propietarios acceden gustosos e mesmo queren que se leve a cabo este ritual de paso por elas. Dende a nosa óptica este ritual fecundativo por parte dos volantes está ligado a interacción cromática desta máscara na súa totalidade -e moi especialmente a dun dos seus elementos, como é o “pucho”- coa natureza, que vai amosando diferentes cores segundo a época do ano. “**A diversidade de colorido, que amosa o pucho, en canto aos plumachos,**

82 O elemento básico que porta “o volante”, que ademais leva unha carauta e un cinto de campaiñas.

83 Informante.: Carlos Puga (Vigo).

as flores de papel e a diversidade de colonias, estase identificando coa unidade de cores, que mostra

a natureza en canto aos seus froitos, flores prantas etc.”⁸⁴. (FOTO 32)

Con respecto “as campañas” sabemos que dende a época antiga tanto o xudaísmo como o cristianismo atribuíron ao seu son propiedades específicas para conxurar aos espíritos maléficos. *“Todos sabemos da importancia das campás da igrexas para evitar ameazas como treboadas ou para facer fuxir aos nubeiros e tronantes, personaxes da nosa mitoloxía*

popular causantes dos lóstregos e da sarabia”⁸⁵. Polo tanto, é probable que “os sons das campañas” serían un signo de vitalidade mais tamén un arredamento de todo aquilo que provoca o mal.

Por outra banda, as máscaras son un símbolo relevante da inversión da orde, dos valores e convírtense dalgún xeito nunha representación do home como animal fronte ao home nun ámbito social. En consecuencia é patente o enfrontamento entre natureza e cultura.

Así mesmo, algunhas prácticas rituais do Entroido acadan o indicador da identidade local en contraposición a uniformidade forzada pola globalización. De aí que para os veciños de Santiago de Arriba este Entroido sexa pola súa orixinalidade e singularidade un importante elemento identitario desta comunidade. No obstante, tamén hai un sentido de apertura de cara

ao exterior que se manifesta ben en dalo a coñecer no propio “Campo do Moredo” e, tamén, noutras localidades. No primeiro caso dase mesmo a oportunidade a que aquelas persoas que veñen ó mediodía para coñecer o festexo antroidano poidan xantar cos que van a participar posteriormente. *“O que ven de fora é un máis, mesmo pode xantar con nós se chega ao mediodía. Desexamos, que se sega coñecendo en todas as partes, máis non queremos que*

se masifique como está sucedendo noutros lugares. Aquí fíxose, e estase a facer un traballo

de recuperación moi relevante.”⁸⁶. (FOTO 33)

84 Informante.: Marisé Rei (Santiago de Arriba).

85 BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I.* Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páx.135.

86 Informante: Xoán Carlos González. Santiago de Arriba.

Este festexo conleva en si mesmo a risa polo que está acaecendo, produto da teatralidade, da

inversión de situacións e da parodia de diferentes feitos da vida real. Polo tanto, non resulta estrano pensar que os que mandaban hai anos tivesen inquiredanzas coa risa do pobo, xa que ía dirixida de cara a unha legalidade vixente imposta rixidamente.

Finalmente, é mester indicar que estamos nun tempo onde a liberación da sensibilidade é máis

notoria, facéndose patente na ruptura das normas, que presionan a conducta dos integrantes dunha comunidade. Polo tanto, todo evento festivo, posibilita un tránsito do cotiá a situación onde a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes poden ter lugar. **(FOTO**

34)

V. BIBLIOGRAFÍA.

AMARELLE, Raquel G.. *Galicia en Entroido*,. Santiago. Xunta de Galicia. 2006, paxs. 44-47

ARAÚXO, Emilio.: *Se toda a Vida dos Vello e dos por nacer (O Entroido Ribeirao)*, Amastra-N-Gallar, Santiago de Compostela, 2014.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19 ,2009.

CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis hitórico-cultural*. Barcelona: Taurus. 1979.

COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1992.

CHAO REGO, Xosé.: “O Entroido é unha entrada”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, .Dirección Xeral de Política Lingüística.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A.: “IV. Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, *en As Caras do Entroido Ourensán. Deputación de Ourense*. Fundación Caixa Galicia, 2009.

FIGUEIRAS RÍO, Almudena.: *Modernización dunha Comunidade do Rural Galego. Análise Antropolóxica das iniciativas vinculadas co Concello de Chantada*. I Certame de Investigación do Condado de Pallares. Ed. Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares. Guntín (Lugo), paxs. 47-62.

FIGUEROA PAZ, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). Autor dos mapas de localización.

GAIGNEBET, Claude.: *El Carnaval. Ensayos de mitología popular*. Barcelona: Ed. Alta Fulla, 1984.

GARCÍA CENDÁN, Bernardo. “O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

GARCÍA SANTOS, Alfonso.: *Antroidos e Máscaras na Galiza Rural*. De Nos. Monografías con perspectiva galega. Ed. Sermos Galicia. Compostela. Galiza. 2019, páxs.78-79.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmo e o nós outros*, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páxs. 173-174.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Oscar J.: *Mascaradas de la península ibérica*, Oviedo: Ed. Autor, 2014.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano, Santiago de Compostela*: Manuais do Museo do Pobo Galego, nº2, 1991.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. *Antroido en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, en *Tempos de Festa en Galicia, T.I. Entre os Reis e o Mes de Maio*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “As caras do Carnaval na periferia da provincia Ourensá. O sur da provincia de Lugo”, en *As Caras do Entroido Ourensán*. Deputación Provincial de Ourense, 2009, páxs. 276-290.

LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Editorial Siglo XXI, 1971.

LISÓN TOLOSANA, C.: *Teoría Etnográfica de Galicia. Antropología cultural de Galicia, IX*, Madrid: Akal, 2012.

MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne*: Sata (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003.

RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal.

TABOADA CHIVITE, X. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Edicións Sálvora, 1980.

VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Xosé Manuel. “ O entroido nas ribeiras de Chantada. A persistencia da festa”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. T. VII. Vol. 2, 1995, pp. 249-258.

INFORMANTES.: Xoán Carlos González; Marisé Rei; Iván González; Carmen Rei e o seu cónxuxe Alberto; Ignacio Gayoso; Luís Prado; Carlos Rei Álvarez (Morito); Jordi González; Oscar Gayoso; Alexandra Cabanas; José Manuel Seixas; Loís Prado; Carlos Vigo Varela; Beatriz González e o seu cónxuxe Antonio; Jennifer Prado; David Rivera; Jandro Barciela; Esteban Lago; Oscar (o das viñas); Rafael.

WEBS.

PIZARRO, Victor Manuel.: “ Entroido Ribeirao”, en [https:// ciudad-dormida. Blogspot.com](https://ciudad-dormida.blogspot.com).

VI. OUTROS ARTIGOS DO “AUTOR” SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.

BLANCO PRADO, José Manuel: “Primeira exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2005, paxs. 203-222.

BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: “Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *Croa, nº 19*, 2009, páxs. 58 -84.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia, nº 39*, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

“O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”, *Lucensia, nº 40*, Lugo, 2010, páxs. 163-77.

“2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2012. 2010.

BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa, nº 22*, 2012, páxs. 78-105.

BLANCO PRADO, J.M. «O Entroido na Diocese de Lugo, III, O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». *Lucensia , nº 45*,2012, páxs. 378-389.

O Entroido en imaxes: mostra fotográfica da provincia de Lugo. Deputación de Lugo. Vicepresidencia. Rede Museística.2012

“Aportacións sobre o Entroido Lucense”. *Anuario Brigantino n° 36*, Betanzos (A Coruña), 2013, páxs. 495-513

Autor da foto da portada do libro «*O Teatro no Entroido de Salcedo (A Poboia de Brollón)*»,
Deputación Provincial de Lugo, 2014.

“O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 1985-2002”, *Anuario Brigantino, n° 39*.
Betanzos (A Coruña), 2016.

Terceira Exposición do Entroido na provincia de Lugo, Mesón do Forno, Lugo, 2017.

“ O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 2003-2012. *Croa, n° 29* . Boletín do
Museo
do Castro de Viladonga. Castro de Rei (Lugo), 2019.

“ Novas achegas históricas sobre o Antroido de “ Val de Francos” (Castro de Rei) (Lugo)
.Segunda década do Século XXI”, *en Croa n° 31*, Castro de Rei (Lugo), 2022, páxs 96-
127.

“ Rituais ancestrais do Entroido. Achegas históricas á corrida do galo en Galicia e nos
concellos chairegos de Castro de Rei e Cospeito”, *en Pena do Encanto n° 11* (Boletín
Informativo do Instituto de Estudos Chairegos). Instituto de Estudos Chairegos, Vilalba
(Lugo), páxs. 9-23.

“ Achegas etnohistóricas ao Entroido da parroquia de Bazar (Castro de Rei) (Lugo) no
século
XXI ”, *en Croa n° 32*, Castro de Rei (Lugo),2023, páxs.129-149

“ O Enterro da Sardiña en Vilalba (Lugo) dos anos 2003 ao 2006”, *en Pena do Encanto n° 12*
(Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos). Instituto de Estudos Chairegos, Vilalba
(Lugo), páxs. 7-18.

VII. ILUSTRACIÓNS.



FOTO 1. CARTEL DO ANO 2024



FOTO 2. AS CAMPAÍNAS DO CINTO DO VOLANTE



FOTO 3. A CANTINA DO MOREDO



***FOTO 4 . ENTRTOIDO INVITADO. FOLIÓNS E BOTEIROS DE VIANA DO CASTELO
(OURENSE)***



FOTO 5. GRUPO DE GAITEIROS NOMEADO “XENTE DE AQUÍ E DE ACULÁ”



FOTO 6. UNINDO AS CAPAS DO PERIÓDICO “A FORMA”



FOTO 7. INTRODUCINDO A POTENCIAL CARÁUTA NO FORNO.



FOTO 8. FACENDO OS BURATOS DA CARA CUN FERRO AO ROXO VIVO.



FOTO 9. DOUS VOLANTES. UN CO PUCHO.



*Foto 10. VOLANTES ATRAVESANDO OS CAMPOS E HORTAS PARA ACCEDER AO
“CAMPO DO MOREDO”.*



FOTO 11. COLOCACIÓN DOS DISTINTOS ELEMENTOS DO PUCHO.



FOTO 12 . MARAGATOS



FOTO 13. OFICIO: "PON A CARA CARALLO, PON". AÑO 2023.



FOTO 14. OFICIO: “O FINAL DAS OLIMPIADAS”. ANO 2020.



FOTO 15. OFICIO: “O RETORNO DA EMIGRACIÓN”. ANO 2017. FOTO REALIZADA POR VÍCTOR MANUEL PIZARRO.



FOTO 16. OFICIO: “ O MASTERCHEF JUNIOR” (ANO 2014)



FOTO 17. OFICIO: “QUE SABES DOS TEUS FILLOS?” (ANO 2019)



FOTO 18. OFICIO: A BODA DE MORITO E ÁNXELES. ANO 2013.



FOTO 19. OFICIO: “ ORQUESTA BIG BAND”. ANO 2015.



FOTO 20. VOLANTE CO PUCHO E VOLANTE COAS CAMPAÍÑAS. ANOS SESENTA DO SÉCULO XX.



FOTO 21. VOLANTE CO PUCHO E AS CAMPAINÑAS. ANOS 60. SÉCULO XX.



FOTO 22. O PELELLO. DE UTILIDADE PARA RECOLLER O VIÑO,



FOTO 23. VOLANTES DE TODAS AS IDADES DANZAN NO “CAMPO DO MOREDO”



FOTO 24. PEQUENOS VESTIDOS DE MARAGATOS.



FOTO 25. OFICIO: "GUARDERÍA DO MOREDO". ANO 2023.



FOTO 26. O CHORO DO PUCHO.



FOTO 27. “AS FORMAS” OU MOLDES DAS CARAÚTAS



FOTO 28. PARTE SUPERIOR DO PUCHO.



FOTO 29. VOLANTES COAS CARAÚTAS.



FOTO 30. PARTICIPACIÓN FEMENINA. VOLANTES.



FOTO 31. VOLANTE CON PUCHO E MARAGATO ATRAVESANDO OS CAMPOS E HORTAS ACCEDENDO AO “CAMPO DO MOREDO”



FOTO 32. OFICIO: “DESPOIS DE ESFOLLAR, FOLLAR”.



FOTO 33. OFICIO: “SE QUERES SEMBRAR, TERÁS QUE ABONAR.



FOTO 34. UN PUCHO GRANDE, E OUTRO PEQUENO.